

sarria

As queixas da veciñanza de Oural e as dúbidas sobre o pacto centralon o pleno de Sarria. **Páx. 3**

paradela

Estefanía Padullés acaba de publicar a súa novela 'Memoria de sombra e bosque'. **Páx. 15**

o incio

O Festival Terra Brava do Incio comeza a quentar motores para a súa edición de 2026. **Páx. 17**

samos

Reformarán o pavillón municipal co fin de mellorar as condicións internas e os accesos. **Páx. 18**

triacastela

A Cova Eirós, protagonista na tese de doutoramento do investigador Hugo Bal. **Páx. 20**

Ponte Ribeira, sen consenso no proxecto



250 persoas na XXVI Cea da Hostalería

O evento congregou empresarios, traballadores e políticos da comarca de Sarria. **Páx. 10**

A Deputación de Lugo pide máis recursos

A institución defende a necesidade de reforzar o persoal de atención á diversidade nos colexios. **Páx. 14**

A importancia da canteira no CB Sarria

O club segue medrando e conta con arredor de 300 xogadores e xogadoras. **Páx. 23**

Violeta Bernardo



A artista sarriá, recoñecida con diversos premios, segue traballando no seu taller. **Páx. 6**

GDR Ribeira Sacra - Courel



O grupo, que engloba 13 concellos, promove o seu desenvolvemento. **Páx. 12 e 13**

Lóuzara Xabreira



Nace unha nova asociación en Samos para dinamizar a vida social. **Páx. 19**



INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA



EXTENDEDOR DE SILO
MODELO VIMIANZO
CON BOMBOS GALVANIZADOS



CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³-1,7 m³ Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS
ARRASTRADOS AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M
DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18
Y DE 3000 KG A 8000 KG.



MAQUINAS Y RECAMBIOS
LEMKEN

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

Ábrese o prazo de matrícula para o programa UNED Sénior



Sarria acollerá unha nova edición do programa UNED Sénior para o curso 2025–2026, unha proposta formativa orientada a persoas maiores de 55 anos que desexen continuar ampliando coñecementos e compartir experiencias nun entorno académico accesible e participativo. A iniciativa, que non require titulación previa, busca fomentar a aprendizaxe ao longo da vida e promover a participación activa deste colectivo. O prazo de matrícula permanecerá aberto ata o 20 de marzo, mentres que o inicio das clases está previsto para a semana do 23 ao 27 de febreiro de 2026. O curso desenvolverase ata o mes de xuño deste mesmo ano. As persoas interesadas debe-

rán formalizar a inscrición de maneira presencial na Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX), onde tamén poderán recibir información adicional sobre o programa. A oferta contempla un máximo de 25 prazas e un prezo de 50 euros por cada materia matriculada. No segundo cuatrimestre impartiranse dúas propostas formativas en Sarria. Por unha banda, 'Inglés para viaxar', terá lugar os martes de 17:00 a 19:00 horas e será impartida pola profesora María Consuelo Santiago Gómez. Por outra, impartirase o curso 'Tertulias literarias', que se celebrará os xoves de 17:00 a 19:00 horas baixo a dirección da profesora M^a Esther Dapeña Leiva.

O Ribela Love & Nature confirma os nomes da súa V edición

O Festival Ribela Love & Nature de Sarria, que celebrará a súa quinta edición os días 21 e 22 de agosto de 2026, vén de anunciar os primeiros artistas e grupos que formarán parte do cartel. A organización destaca que esta nova entrega nace da idea de que a música é capaz de conectar dous territorios invisibles: o mundo interior que cada persoa leva consigo e o mundo exterior que habita e respira. Segundo explican, esta V edición sitúase xusto nese punto de encontro entre introspección e expansión, empregando a música como ponte entre o que se sente e o que se vive. Os artistas seleccionados, subliñan, non forman parte do programa por azar, senón porque a súa proposta sonora transita ese limiar entre o íntimo e o colectivo. A primeira confirmación é Or:la, produtora e DJ de Derry, cuxo son se move entre melodía, ritmo e textura, guiado máis polas emocións e o estado de ánimo que polas etiquetas de xénero. As súas sesións, sinala a organización, encaixan coa filosofía desta edición ao ofrecer experiencias vivas, imprevisibles e fundamente humanas. Ao cartel súmase tamén Pariah, produtor e DJ británico que desenvolve un traballo que supera as fronteiras estilísticas para situarse nun territorio de techno físico e cargado de emoción. As súas creacións caracterízanse por unha tensión que medra de forma progresiva, pola improvisación e por un impulso constante orientado a activar e manter a enerxía da pista.



Outro dos nomes é Phantom Circuits, proxecto compartido por .VRIL e Wata Igarashi. No caso de Igarashi, a súa proposta parte dunha atención minuciosa aos detalles, buscando a forza e a beleza que xorden cando cada elemento ocupa o lugar preciso. Pola súa banda, .VRIL defínese pola liberdade creativa coa que explora os límites da música electrónica, reimaxinando continuamente as súas posibilidades e describindo as súas composicións como “reflexións sónicas do subconsciente”, unha mostra da súa visión artística singular. Tamén estará Call Super, DJ, produtor e artista multidisciplinar recoñecido polo seu son texturizado, o seu criterio curatorial e o seu compromiso coa música como ferramenta narrativa e figura clave no renovado interese polo mellor techno e house británico de comezos dos anos 2000. Outra das confirmacións é Catarina

Silva, unha DJ afincada no Porto, cuxas sesións flúen con naturalidade entre estilos, priorizando a coherencia do relato e a conexión coa pista por riba de calquera etiqueta. A través do seu traballo como residente en Alínea A e da súa presenza en clubs e festivais clave, foi desenvolvendo unha maneira de entender o DJing como un espazo de exploración e escoita. Gala, pola súa parte, promove un proceso de transformación no que a música non te empurra, senón que te envolve. Finalmente, Legowelt é un produtor e DJ holandés cuxa música habita múltiples mundos ao mesmo tempo: algúns reais, outros imaxinados. Zorlok Compressor é o seu novo proxecto que describe como “llevar o son de volta a territorios *underground* cunha enerxía crúa en directo”. Ademais, tamén confirmaron a presenza de Kosu Nes, Leiras, Oxygeno e Slit Observers.

EXCLUSIVIDAD
para la **SALUD**
de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!
Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

As queixas da veciñanza de Oural chegaron ao pleno de Sarria

O malestar da veciñanza do barrio da Estación de Oural centrou boa parte do último pleno municipal de Sarria, onde o Partido Popular levou unha moción para denunciar a situación xerada polas obras inacabadas de ADIF. A formación cualificou de "insostible" o escenario actual tras meses de actuacións sen rematar, que, segundo expuxo, están a bloquear servizos básicos, dificultar o acceso ás vivendas e comprometer a seguridade das persoas residentes. O grupo popular solicitou o respaldo das forzas políticas ás reivindicacións veciñais e advertiu de que a eliminación dos pasos tal e como está prevista podería deixar o barrio con accesos insuficientes, incluso para vehículos de emerxencia, ademais de complicar a conexión peonil co núcleo urbano. Entre os prexuízos figuran a inutilización da fonte pública, fóra de servizo pola obstrución do sistema de desaugadoiro, a acumulación de entullos e sedimentos que manteñen as cunetas colmatadas e o rego bloqueado, co risco de inundacións e deterioración da estrada. A veciñanza reclama tamén a creación inmediata dun paso peonil seguro que evite o illamento da zona. A iniciativa foi aprobada por unanimidade.

Na mesma sesión saíu adiante outra moción, presentada polo BNG, para instar ao Concello a executar actuacións urxentes nas beirarrúas e na rede de saneamento da rúa da Liberdade. O seu portavoz, Efrén Castro, advertiu de que o deficiente estado destas infraestruturas está a provocar humidades e filtracións en varios garaxes. A moción contou co apoio unánime da corporación, aínda que o PP lembrou que tamén existen problemas semellantes en rúas como San Eufrasio e Diego



Pazos, mentres que desde Camiña Sarria apuntaron a vías competencia da Deputación de Lugo, como a rúa Xela Arias. Porén, o concelleiro de Medio Ambiente, Borja García, asegurou que cada ano se realizan auditorías de saneamento para detectar fugas ou filtracións na rede de sumidoiros e que na rúa da Liberdade non se detectou ningunha incidencia, aínda que recoñeceu a existencia das filtracións e comprometeu a execución de obras para paliar a situación.

O pleno abordou tamén unha iniciativa do PSOE para solicitar explicacións públicas a Camiña Sarria e ao Partido Popular sobre o seu acordo político, estruturado en 15 puntos. Os socialistas pretendían someter a votación o posicionamento dos distintos grupos a favor ou en contra do pacto. O BNG rexeitou pronunciarse, ao considerar que non corresponde debater en pleno un acordo entre dúas formacións alleas, aínda que manifestou que todo investimento para Sarria é positivo, malia ter claro o seu posicionamento político.

Desde o PP defenderon que o plan

foi presentado "de forma transparente desde o primeiro minuto" e que "é realista e ambicioso", polo que algúns proxectos excederían a duración da lexislatura. Subliñaron que hai iniciativas que non dependen do ámbito municipal, como as infraestruturas ferroviarias ou o desbloqueo do polígono industrial, competencia do Goberno central, pero que se inclúen como compromiso para impulsar solucións e estratexias. Entre os proxectos en marcha citaron o Estadio da Ribela e o compromiso expreso da Xunta para mellorar o patio do CEIP Frei Luis de Granada, ademais de anunciar que haberá novidades respecto á residencia de maiores.

O portavoz socialista, Benjamín Escontrela, cualificou o acordo de "propaganda", mentres que Carmen defendeu que ambas formacións actúan con "altura de miras", pensando no Sarria de 2030 e en deixar unha pegada que mellore a vida da veciñanza, máis alá de quen governe. "En maio de 2027 serán os veciños e veciñas quen poidan valorar quen o fixo ben e quen non fixo nada", concluíu.

A Plataforma 'Mellora Sarria' reclama unha Rúa Maior accesible



A Plataforma Mellora Sarria esixe que a Rúa Maior sexa plenamente accesible, defendendo que se trata dunha cuestión de xustiza cos veciños e de cumprimento dos dereitos fundamentais. O colectivo lembra que esta vía é a espinha dorsal administrativa e social de Sarria, xa que nela residen numerosas familias, moitas delas persoas maiores, e sitúanse servizos públicos esenciais como o Concello, o Xulgado e os Servizos Sociais.

Segundo denuncia a plataforma, a pronunciada pendente da rúa e as barreiras arquitectónicas existentes, con desniveis e beirarrúas impracticables, converten este espazo nun obstáculo diario. Por unha banda, para os propios residentes, que deben afrontar subidas e baixadas constantes vendo limitada a súa autonomía. Por outra, para calquera persoa que precise acceder ás dependencias públicas, atopándose con dificultades ou mesmo impedimentos para exercer dereitos que deberían estar garantidos por lei.

Como solución, Mellora Sarria

propón que o Concello priorice e execute, no marco do Plan Municipal de Accesibilidade 2022-2026, un proxecto integral de remodelación da Rúa Maior. A iniciativa debería analizar todas as alternativas técnicas dispoñibles, incluídos sistemas de elevación mecánica como ascensores urbanos ou planos inclinados que permitan salvar os tramos de maior desnivel.

Entre as actuacións concretas, a plataforma sinala a eliminación efectiva das barreiras mediante ramplas adaptadas á normativa vixente, a rebaixa total das beirarrúas e a instalación de pavimento antiescorregadizo. Tamén reclama un itinerario accesible, continuo e seguro que conecte os accesos ao Concello, ao Xulgado e aos Servizos Sociais, así como a colocación de bancos a intervalos regulares para facilitar zonas de descanso.

O colectivo anima á veciñanza a apoiar esta demanda para que a accesibilidade da Rúa Maior se converta nunha prioridade real na axenda municipal.

ELECTRO SARRIA S.L.
INSTALACIONES ELECTRICAS, FOTOVOLTAICAS Y CARGADORES VEHICULOS ELECTRICOS

**CARGADORES ELÉCTRICOS
INSTALADOS POR PROFESIONALES**

CONECTA CON EL FUTURO EN TU HOGAR O NEGOCIO



¿Sabes que podemos instalar tu cargador eléctrico con hasta un 80% de subvención? Nosotros realizamos los trámites. Asesórate sin compromiso



Pol. Ind. San Julián de la Vega, Nave 4, 27614, Sarria
621 263 958 982 167 196
administracion@electrosarria.es



Huhú despediu a exposición "BIS/BARRA: Na parede está todo"



A Asociación Cultural Huhú celebrou cunha festa de clausura da exposición central do terceiro bloque da Trienal, titulada 'BIS/BARRA: Na parede está todo', que estivo na Sede tres meses e que se converteu nun punto de encontro para a creación artística da comarca.

A mostra reuniu unha ampla e variada colección de traballos visuais asinados por artistas da contorna, combinando pezas e rexistros moi diversos que permitiron descubrir vínculos, novas perspectivas e distintas formas de expresión que forman parte da identidade cultural do territorio. A exposición arrancou con 80 obras penduradas nas paredes, pero foi medrando co paso das semanas ata superar o cento de creacións, integrando novas pezas como unha proposta viva e en constante evolución.

A xornada de clausura incluíu unha sesión vermú na que participaron as persoas artistas implicadas na mostra e que contou coa actuación da Banda de Música da Comarca de Sarria, que engadiu unha dimensión sonora ao espazo expositivo. Alba López, integrante da

directiva da asociación, salientou que non querían limitarse unicamente á vertente plástica e visual, senón incorporar tamén a música como outra forma de arte, definindo o acto como "ben bonito".

Durante o tempo que permaneceu aberta, arredor de 700 persoas visitaron a exposición, tanto público xeral como alumnado de distintos centros educativos, unha cifra que a entidade valora de maneira moi positiva. Segundo destacou López, iniciativas como esta contribúen a achegar a arte á veciñanza e a poñer en valor o talento local, demostrando que hai creadoras e creadores en Sarria e que a arte non é algo alleo, senón propio e próximo.

Desde a organización agradeceron a implicación das artistas participantes, do público e do Concello de polo apoio.

Con respecto ao futuro, adiantan que A Sede acollerá outras iniciativas, como obradoiros, presentacións... e, ademais, en xuño inaugurarase unha exposición intermedia entre bloques "moi interesante".

O IES Gregorio Fernández inaugura unha nova instalación artística

A fotografía sarriá Mercedes Vázquez Saavedra inaugurarán no IES Gregorio Fernández unha nova instalación de vinilos situada na segunda escaseira do edificio principal o vindeiro 5 de marzo. A intervención artística leva por título 'Amar as letras. Amar os números. Amar a vida' e incorpora textos creados expresamente para este proxecto polo escritor e cantautor Francisco Castro, quen cedeu as súas palabras para esta iniciativa. No acto estará tamén presente Geni Valcárcel en representación do Concello.

A xornada incluírá a inauguración de varios paneis dedicados á promoción da igualdade de xénero baixo o lema 'Feminismo para escépticos'. Estes materiais foron elaborados no marco do Plan Proxecta+ 'Donas de si', coordinado por Isabel Rodríguez, xefa de Estudos de Adultos, en colaboración co equipo de Dinamización da Lingua Galega, dirixido por María Elena Corujo. Os paneis inclúen fotografías de mulleres asinadas por Mercedes Vázquez.

Os lemas que acompañan a instalación foron seleccionados a partir das propostas realizadas pola comunidade educativa. Entre eles figuran Máis educación, menos conflitos, de Andrea Hermida; Aprender a nosa lingua fainos máis libres, de M^a Luz Núñez; A educación, escaleira para acadar os teus sonhos, de Jesús Mejuto; A cultura é o fusil dos sensatos, de María Blanca Arza; Só a educación abre as portas da igualdade, de María Pilar Saavedra; Aprender é medrar libre, de María Luz García; A educación é o piar dunha sociedade, de Geni Valcárcel, concelleira de Sarria; Fórmate, entenderás a vida, de Isabel Rodríguez; A educación, un feixe de luz!,



de Elena Corujo; e O coñecemento é poder!, de María Josefa García.

En canto aos paneis expositivos, situáronse no vestíbulo principal e recollen, entre outros contidos, os resultados dunha investigación realizada polo alumnado dentro do Plan Proxecta+ 'Donas de si' sobre a percepción do feminismo na contorna de Sarria. Segundo os datos obtidos, só o 40 % das mulleres enquisadas e o 30 % dos homes se declaran feministas. Ademais, o 50 % das mulleres e o 70 % dos homes consideran que o feminismo discrimina os varóns, mentres que o 40 % das respostas femininas e o 65 % das masculinas sosteñen que na actualidade son as mulleres quen contan con máis dereitos.

Os paneis explican tamén a orixe etimolóxica do termo feminismo, procedente do latín femina, 'muller', unido ao sufixo -ismo, que indica doutrina ou movemento. Subliñan que o concepto non nace dunha suposta superioridade feminina nin dun rexeitamento cara aos homes, senón como unha corrente social orientada á consecución da

igualdade plena. Lémbrese que a palabra comezou a empregarse no século XIX para definir as persoas que, asumindo importantes riscos persoais e legais, loitaron contra a exclusión das mulleres dos principios de democracia e igualdade xurídica proclamados polos sistemas liberais emerxentes. Estas reivindicacións, mantidas ao longo de dous séculos e sumadas ás loitas desenvolvidas en distintas etapas históricas desde hai máis de dous mil anos, permitiron consolidar dereitos e establecer sancións penais fronte á discriminación e á violencia contra as mulleres en calquera ámbito.

Ademais, Mercedes Vázquez participará nunha entrevista na radio escolar do instituto, actividade integrada no Programa Innova-lab (Mat-lab), un proxecto interdisciplinar coordinado pola profesora de Matemáticas e secretaria do centro, Fe Pérez. Esta iniciativa combina Matemáticas, Historia e Ciencias Sociais para analizar distintas perspectivas arredor do concepto de infinito.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

A CHMS rexeita as alegacións contra o proxecto de Ponte Ribeira

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS) desestimou as tres alegacións presentadas ao proxecto de posta en valor e consolidación dos restos de Ponte Ribeira, en Sarria. As reclamacións foron formuladas polo PP local, por un veciño da vila e pola artista María Carretero, autora do conxunto escultórico 'Homenaje al Peregrino'.

No caso do grupo popular, solicitábase a apertura dun proceso de participación cidadá na toma de decisións sobre esta infraestrutura, así como a revisión da proposta para manter o tráfico rodado polo viaduto ou, cando menos, prever a construción dun paso ou viaduto alternativo tras a súa peonalización. O organismo de conca respondeu que xa se habilitou un período de información pública e, respecto á circulación de vehículos, sinala que será o Concello, como competente en materia de tráfico en Sarria, quen poida impulsar as actuacións que considere necesarias para ordenar a mobilidade na vila.

A CHMS apoia a súa decisión nun informe emitido por Patrimonio Cultural en febreiro de 2020 sobre a pasarela metálica, no que se apuntaba como solución a recuperación da ponte medieval mediante a eliminación de engadidos posteriores e a súa conversión en paso peonil.

Cos mesmos argumentos foron rexeitadas as alegacións presentadas por un particular, que pedía estudar a continuidade do tráfico entre ambas marxes do río. Tampouco prosperaron as dúbidas expostas sobre o uso de aceiro corten e sobre a solución prevista para o pretil. Unicamente se

deixa aberta a posibilidade de recompilar información durante a execución das obras para tratar de localizar e recolocar cinco perpiños de granito do estribo esquerdo que, segundo se apunta, foron retirados entre 2014 e 2015, circunstancia que a Confederación asegura descoñecer.

No que atinxe á alegación de María Carretero, a artista solicitaba a paralización do proxecto ata contar cun informe detallado sobre a posible afección á súa obra escultórica 'Homenaje al Peregrino'. Tamén reclamaba a conservación de todos os elementos que integran a obra, desde pavimentos ata varandas, luminarias e mobiliario, e a formalización dun convenio que a designase como directora artística da intervención. A CHMS tamén desbota esta petición, apoiándose na resolución de Patrimonio, que considera que a actuación prevista "potenciará a visión da escultura e do resto da obra artística". Engade ademais que o titular da obra é o Concello, ao que corresponde facilitar os bens necesarios para executar os traballos.

Unha vez resoltas as alegacións, o proxecto continúa coa súa tramitación administrativa, aínda que o seu desenvolvemento efectivo non será inmediato. Na actualidade, Ponte Ribeira mantén a pasarela metálica instalada polo Concello en 2022 para permitir a reapertura do paso, tras permanecer preto de oito anos pechado.

A intervención prevista inclúe actuacións para recuperar a parte histórica da ponte, reparar danos estruturais e eliminar

elementos engadidos en etapas recentes. O orzamento global ascende a 983.000 euros, aos que se suman 11.700 euros destinados ao estudo de seguridade e saúde e algo máis de 31.800 euros para a xestión de residuos. O prazo estimado de execución é de oito meses, cun período de garantía dun ano desde a recepción das obras.

A pesar de que o próximo mes de abril se cumprirán catro anos do prazo fixado pola Xunta na autorización concedida ao Concello para a pasarela metálica instalada en 2022, a solución definitiva para esta ponte do Camiño Francés non chegará, como mínimo, ata 2027, sempre que previamente se defina unha alternativa á circulación de vehículos, dado que o proxecto contempla a súa peonalización.

CONTESTACIÓN DE MARÍA CARRETERO. María Carretero, impulsora do conxunto escultórico 'Homenaje al peregrino' fronte á Ponte Ribeira, respondeu á negativa da Confederación Hidrográfica Miño-Sil de ter en conta as alegacións presentadas contra o seu proxecto de posta en valor e consolidación dos restos de Ponte Ribeira, algo que Carretero considera "previsible".

A autora sostén que durante trece anos tanto o Concello como a CHMS tentaron "desmantelar a obra pública e urbana 'Homenaje al peregrino' (1993-1996), e tras destrozar o entorno e a paisaxe de maneira imparable en connivencia co Concello de Sarria —o primeiro en incumplir o seu deber de custodia—, só podía esperarse este lamentable resultado", critica.



Esta nova comunicación emitida pola CHMS amósase, unha vez máis, "lonxe das persoas, do traballo artístico realizado para a comunidade e do espírito do Camiño de Santiago. A administración parece non darse conta de que o obxectivo de tanta negligencia e desprezo foi a propia poboación, os peregrinos e a total vulneración do patrimonio histórico e dos dereitos de autor".

Carretero sinala que ela mesma "traballou con esforzo económico, dedicación persoal e amor para transformar un espazo degradado nun entorno de paz e harmonía". Este espazo é visitado por millóns de persoas de todo o mundo e intégrase no Camiño Francés, declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

A denominación de "posta en valor dos restos" da antiga Ponte Ribeira é, segundo Carretero, "falsa". Preténdese converter unha humilde ponte de madeira nun obxecto de "intereses políticos e estéticos mediocres, proxectando en aceiro corten unha baranda obsoleta que actúa como barreira na paisaxe, mancha a pedra histórica e contamina o río". Este elemento substitúe á baranda artística orixinal, creada en exclusiva para o conxunto escultórico, "o que demostra o alcance autoritario

e unilateral desta intervención". A baranda orixinal de fundición, deseñada por María Carretero, elévase como defensora do territorio agredido. Ademais, preténdese substituír o sistema de iluminación e as papeleiras orixinais, lámpadas creadas exclusivamente para o conxunto nunha das mellores fundicións de Europa, por elementos estándar de deseño industrial. Mentres tanto, a administración alega ter "dúbidas" sobre a afección ao conxunto e afirma que o seu proxecto resalta a obra, aínda que, segundo Carretero, "os informes técnicos din o contrario". Este ano 2026 celébrase o XXX Aniversario da obra 'Homenaje al peregrino'. Por iso, organízanse actividades culturais e sociais en foros de prestixio e universidades nacionais e internacionais.

Para a autora resulta "indignante" que a administración invista un mínimo de 983.000 euros do erario público nunha obra que afea e destroza o entorno, sen contar coa autora da obra preexistente. É "unha negligencia intolerable que non se cumpra a máxima do Camiño de Santiago: unir dúas marxes con sentido común, construíndo unha ponte definitiva que conserve o patrimonio artístico previo".

ESTE 2026 CUIDA TU SALUD ORAL. ¡VEN A CONOCERNOS!



- Odontología estética
- Odontología preventiva
- Endodoncia
- Prótesis
- Odontopediatría
- Ortodoncia
- Implantología oral
- Cirugía oral
- Periodoncia
- Patología de la oclusión

- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodoncista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.



CLÍNICA
OBRADOIRO
DENTAL

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218

“Non concibo un mundo sen cultura; a arte é unha necesidade”

Violeta Bernardo, artista, decidiu perseguir o seu soño e dedicar parte da súa vida á arte, concretamente á creación de esculturas

Jessica Fernández

Cando sentiu que o seu era crear?

O meu amor pola arte xorde desde que case nacín. Cando era pequena, debuxaba con lapis nun encerado ou nun caderno e, sen decatarme, empecei a crear as miñas primeiras instalacións, que daquela nin sabía que se denominaban así. É dicir, gustábame compoñer con distintos materiais un motivo que expresase un sentimento, algo que para min tiña sentido. Despois do bacharelato, eu quería facer Belas Artes, pero na miña casa non me deixaron. Estamos falando dos anos 70, cando o normal era que as mulleres fosen esposas e nais, como moito, profesoras. E eu quería estudar, así que fixen Maxisterio en Lugo e, aínda sen rematar a carreira, empecei a traballar de profesora na Asunción, onde estiven 45 anos. Con todo, casei e tiveron os meus fillos, pero seguía pintando e debuxando porque eu nunca o considerei como un pasatempo, para min era unha necesidade. Despois, cando os meus fillos xa foron maiores, decidín estudar Artes Aplicadas na Escola Ramón Falcón de Lugo e aí descubrín a escultura. No ano 1996 fixen un curso no verán que se chamaba Ceramista Modelador Escultor con Daniel Ríos Caxigueiro, que me dixo que mercase un forno para poder cocer na casa as miñas esculturas. E no 1997 animeime a participar na Bienal de Fenosa, envíe a miña escultura ‘A muller e o zapato. Zapatos para unha vida’, e, sorprendentemente fun seleccionada entre as finalistas de entre case mil artistas aos que eu admiraba. E a raíz diso empezaron a xurdir exposicións.

30 anos despois, é recoñecida internacionalmente, séntese orgullosa?

Teño varias esculturas en Sarria, que é de onde son, e iso faime sentir orgullosa. Custoume moito expoñer, porque era como espirme diante da xente, mostrar os meus sentimentos, o que eu sinto e a miña vida. Pero cando conseguín superar eses

sión que eu tiña era demostrar que o que facía pagaba a pena, porque estaba cansa de oír “estás perdendo o tempo”. Eu realmente nunca me sentín apoiada, pero tiñaao claro. Eu traballaba, tiña fillos, coidaba aos meus pais, coidaba aos meus sogros, e estudei ao tempo que traballei. Entón, parecía que cando facía arte era como perder o tempo, que

É dicir, construí mulleres, pero sen ollos, nariz ou boca, porque non quero darlles unha personalidade concreta, a miña intención é transmitir unha idea, pero tamén que o público interprete á súa maneira o que ve.

Como é o proceso de realización dunha escultura?

Primeiro, xorden palabras, conto unha historia. E, despois, xorde un bosquejo. En escultura, tes que buscar os equilíbrios. Ademais, non é plano, é en tres dimensións e eu fago a peza oca, cun centímetro de parede. Traballo cun material brando que ten que ir endurecendo e, por riba, empezo polos pés, en vez de pola cabeza, que é a que che dá as proporcións do corpo, porque somos 6 cabezas e media. E, se me equivoco,

e Trasgos é miña, colaboro tamén coa Asociación Cultural Huhú, creei unha escultura que está na ruta de Fiz Vergara promovida pola Asociación Ergueitas, e durante moito tempo participei na realización das alfombras do Corpus, aínda que agora xa non me dá o corpo. En xeral, participo en todo no que me chaman, incluso estiven recentemente nos simposios salvaxes na Casa da Cultura. Eu non concibo un mundo sen cultura e iso tamén mo inculcaron na casa, xa que o meu pai era músico.

Ten proxectos futuros?

Si, eu vou seguir traballando no meu taller, e xa me chamaron para participar en dúas exposicións, unha no verán e outra no outono; pero prefiro vivir ao día e non me gusta anticiparme, porque nunca se sabe que pode pasar, aínda que eu onde máis gozo é traballando no taller. É onde son feliz. Onde non teño que dar contas a ninguén e fago o que me dá a gana. Eu sempre valorei moito a liberdade. E unha das razóns de traballar e gañar un soldo foi que eu quería facer a miña obra libremente, sen ataduras.

Sarria está á altura do ambiente cultural que promove a sociedade?

Creo que se mellorou moito no apoio que se dá aos proxectos culturais, pero a Casa da Cultura é moi pequena. E na antiga cadea preventiva, que acolle exposicións, tampouco hai lugar para as miñas exposicións. Creo que a Casa do Marqués sería un lugar de exposición perfecto, pero téñeno paralizado. Hai moita xente que quere facer cousas en Sarria e hai pouco espazo. Eu creo que a parte artística, falo da miña cultura, non se valora. Fóra de aquí valórenme, pero aquí... Teño unha peza en Santa Mariña que está banalizada e abandonada; eu ofrecínme a refacela con outro material, pero non hai maneira. Eu non son ambiciosa, nin pretendo facerme millonaria, nin famosa, pero está ben que che dean o valor que tes. E, sobre todo, eu o que quero é deixar a miña obra feita, deixar un anaco de min, porque é unha maneira de sobrevivir.



medos, presenteime a varios premios e gañei algúns, como en Burela, na Bienal de Lalín, na Bienal de Fenosa... E non só os premios, para min foi unha oportunidade expoñer fóra. En Barcelona estiven varias veces, tamén en Madrid, en París varias veces, en Holanda, en Portugal, en Italia... E en Galicia estiven en Arzúa, en Ferrol, e nos catro museos provinciais de Lugo. A ilu-

tiña outras cousas máis importantes, pero non era verdade, para min era importante.

Considérase unha muller feminista?

Si, moi feminista. E a miña obra tamén é feminista. Eu sempre traballo sobre a muller e sobre a natureza. Trato de contar unha historia costumista a través das miñas pezas, que son figurativas, non realistas. É máis, as miñas pezas non teñen expresión.

non vale a peza. Por iso, fago un estudo grande e logo realízoa. É un proceso que leva meses, xa que fago as pezas grandes por anacos, como un quebracabezas, porque non caben no forno. Así, tamén as podo transportar para as exposicións, xa que, se fosen enteiras, pesarían moito.

Crea tamén pezas para asociacións culturais, non?

Si, a peza da Noite Meigas de Meigas

OSCAR
ALQUILER DE COCHES

951 12 93 33

OSCAR.ES



Alquiler de Vehículos en Sarria

VEHÍCULOS INDUSTRIALES



DESDE **36€** /DÍA

TURISMOS



DESDE **30€** /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS



DESDE **90€** /DÍA

200 KM
INCLUIDOS AL
DÍA Y SEGURO

NOPER CAR

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...

O PSdeG denuncia o impago das nóminas na residencia de maiores

O PSdeG de Sarria denuncia a situación que atravesan as traballadoras da residencia de maiores Nosa Señora do Carme, onde, por primeira vez na historia do municipio, o persoal quedou sen cobrar a súa nómina. A formación socialista cualifica o ocorrido como unha situación sen precedentes que, ao seu xuízo, pon de manifesto a grave deriva na que o alcalde, Garrido, levou ao Concello de Sarria.

Segundo explican os socialistas, o impago das nóminas é a consecuencia directa de anos de ausencia de planificación, falta de previsión e dunha xestión que consideran absolutamente irresponsable dun servizo público esencial. O voceiro do PSdeG, Benjamín Escontrela, subliña que nunca antes se producira "unha situación semellante" no municipio e asegura que "non se trata dun feito casual".

Neste sentido, lembra que o Concello tivo que aprobar un Plan Económico-Financeiro tras incumplir a regra de gasto, como resultado do descontrol e do malgasto acumulado durante anos, e advirte de que agora están a aflorar as consecuencias desa mala xestión mentres o alcalde tenta eludir responsabilidades.

Desde o PSdeG consideran "especialmente grave" a actitude do rexedor á hora de xustificar a situación, chegando incluso a sinalar as baixas laborais como unha das causas do déficit económico.

Os socialistas cualifican de "indecente" que se pretenda res-



ponsabilizar ás traballadoras por atoparse de baixa médica e lembran que no último pleno municipal xa preguntaron polos numerosos expedientes disciplinarios abertos ao persoal do Concello, unha dinámica que, segundo denuncian, está a xerar un clima crecente de rancor e medo na sociedade sarriana. Para a formación, non se pode gobernar mediante expedientes disciplinarios nin xestionar un servizo esencial culpando ao persoal, o que consideran unha mostra clara de incapacidade para dirixir o Concello.

"ABANDONO DO CONCELLO". O PSdeG sostén que a situación da residencia de maiores é un reflexo do "abandono xeral que sofre o municipio". Segundo indican, Garrido gobernou durante anos "sen control" e agora, cando aparecen as dificultades económicas, pretende que sexan os traballadores, os residentes e as súas familias

quen asuman as consecuencias da súa incompetencia.

A formación socialista rexeita tamén a estratexia do alcalde de responsabilizar á oposición do ocorrido e asegura que nunca existiu unha vontade real de diálogo nin de acadar acordos. Segundo afirman, Garrido nunca se sentou coa oposición para buscar solucións conxuntas e só recorreu a ela cando lle resultou conveniente.

Para o PSdeG de Sarria, a situación actual é insostible e profundamente preocupante, polo que esixen ao alcalde que asuma dunha vez as súas responsabilidades. Benjamín Escontrela conclúe que "cando un Concello chega ao punto de non poder pagar as nóminas do seu persoal queda claro que non se trata dun problema puntual, senón dun fracaso absoluto de xestión, e critica que Garrido continúe gobernando a base de escusas, ameazas e culpando a terceiros da súa incompetencia".

Sarria Bikers fixa para o 15, 16 e 17 de maio a IV Concentración Motera



O colectivo Sarria Bikers anunciou as datas da IV Concentración Motera de Sarria, unha cita que volverá converter a vila nun punto de encontro para os afeccionados ás dúas rodas. O evento desenvolverase os días 15, 16 e 17 de maio cun programa que combinará ru-

tas, música e diferentes propostas de lecer.

Ao longo das tres xornadas, os participantes poderán tomar parte en percorridos en moto pola contorna, unha das actividades centrais da concentración, seguidos de comidas de confraternidade.

A Asociación Peleriños actuará na Mostra do Aceite de Quiroga

A música tradicional terá protagonismo na XXVI Mostra do Aceite e Quiroga coa actuación da Asociación Cultural Peleriños de Sarria, que animará a mañá do domingo, 15 de marzo, no recinto feiral. A cita, declarada de Interese Turístico de Galicia, terá lugar os días 14 e 15 de marzo, acollerá un programa de actividades un programa que pon o foco na calidade e singularidade do Aceite de Oliva Virxe Extra (AOVE) da zona.

ESTREMONÍA CANTADA. Uns días despois da Mostra, o 21 de marzo

terá lugar a décima edición da Estremonía Cantada, organizada por Peleriños nas rúas de Sarria. A recepción dos participantes será ás 17:30 horas no local da Sociedade A Unión, desde onde se iniciará a ruta musical. Cada grupo deberá interpretar un mínimo de dúas pezas e disporá dun tempo máximo de 30 minutos en cada local. Ademais, ao remate haberá unha cea na que, ao final, cada grupo interpretará unha peza e recibirá un agasallo pola súa participación. A xornada pecharase coa actuación de Cé Orquestra Pantomima.



PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI

!!OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar

-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familia de Jamón a Bacon
8€

Servicio a domicilio
Reservas: 982 012 026

Rúa Diego Pazos, 30 - Balao Sarria

COMIDA PARA LLEVAR

cafe CUBAN bar

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPAS TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

cafeteriabarcubano

Meigas e Trasgos impulsa un irmandamento galego - andaluz en Guadalcaçín



A Asociación Cultural Meigas e Trasgos de Sarria anunciou a creación dun irmandamento galego-andaluz que se celebrará en Guadalcaçín, en Jerez, co obxectivo de fortalecer os vínculos culturais a través da música, o baile e as tradicións populares. A iniciativa desenvolverase en colaboración co Centro de Baile Guadalcaçín e pretende converterse nun espazo de encontro entre dúas comunidades cunha marcada identidade folclórica. O acto terá lugar o vindeiro 11 de abril ás 13.00 horas na Praza da Artesanía de Guadalcaçín. Durante a xornada, os participantes compartirán costumes, expresións artísticas e elementos propios das súas respectivas culturas, nunha actividade concibida para poñer en valor tanto as diferenzas como os puntos en común entre Galicia e Andalucía e promover o coñecemento mutuo e a cooperación cultural.

NOITE MEIGA. Por outro lado, representantes da Asociación Meigas e Trasgos de Sarria reuníronse co delegado territorial da Xunta de Galicia en Lugo, Javier Arias, para analizar a evolución do expediente presentado pola entidade co

obxectivo de que a Noite Meiga sexa recoñecida como Festa de Interese Turístico de Galicia. Así, avaliaron o estado actual da tramitación e os requisitos necesarios para obter esta distinción oficial. Segundo se abordou na reunión, este recoñecemento está reservado para aquelas celebracións que acrediten unha traxectoria consolidada no tempo, singularidade, arraigamento social, valor cultural e capacidade de atraer visitantes, ademais doutros criterios establecidos pola administración autonómica. Durante a xuntanza púxose de relevo a importancia que a Noite Meiga ten para Sarria, tanto desde o punto de vista cultural como económico. A asociación destacou que, tras máis de cinco décadas de historia, a cita converteuse nun dos eventos estivais máis identificativos da provincia, cunha fonda implantación entre a veciñanza e cunha asistencia de público que medra ano tras ano. Tamén se estudaron fórmulas de colaboración da Xunta de cara á próxima edición, prevista para a última fin de semana de agosto, para reforzar a proxección e consolidación da festa.

Sarria acollerá o 8 de marzo a IX Carreira da Muller 'Vivas e iguais'

O Concello de Sarria organiza a IX Carreira da Muller 'Vivas e iguais' o domingo 8 de marzo con motivo do 8M. A actividade forma parte do XII Circuito Leader Miño Ulla de Carreiras Populares. A saída da carreira absoluta de 5 km será ás 11:30 horas, mentres que a andaina dará comezo ás 11:35 horas. O punto de partida situarase no bulevar da rúa da Liberdade, á altura de Catro Camiños, e a meta estará no Malecón do río, nun espazo que permanecerá sinalizado para facilitar a chegada das persoas participantes. O percorrido desenvolverase sobre un circuito que combina asfalto e sendeiros de area, mesturando treitos urbanos con contornas naturais nunha volta de 5 quilómetros practi-



camente chan e con escaso desnivel. Tras iniciar a marcha na rúa da Liberdade en dirección a Samos, o itinerario continuará cun xiro á dereita pola rúa Castelao e, á altura do cuartel da Garda Civil, seguirá cara á Ponte das Aceas. Desde alí, o trazado regresará pola zona do campo de fútbol ata en-

lazar coa estrada de Monforte, retomando posteriormente a rúa Castelao e pasando polas inmediacións do pavillón de baloncesto e da piscina, ademais de cruzar a área do hotel Alfonso IX, antes de encarar o tramo final ata o Malecón do río, onde estará situada a liña de meta.

Pontón defendeu o modelo do BNG para gobernar concellos como Sarria

A portavoz nacional, Ana Pontón, visitou unha explotación de vacún en Sarria, na parroquia de Chorente; unha das 28.000 explotacións de bovino que hai en Galicia, onde representan un pilar da economía e da creación de emprego no rural. “As explotacións de carne son clave para manter un rural vivo, estratéxicas en termos sociais e ambientais; crean riqueza, crean postos de traballo, fixan poboación e manteñen o territorio coidado e, por tanto, axudan a loitar contra os incendios”, destacou a líder nacionalista. Pontón tamén participou nun xantar organizado polo BNG de Sarria, onde defendeu o modelo do partido para gobernar os concellos. “Ese modelo é o que tamén queremos



para Sarria e para o conxunto da comarca, porque hai persoas comprometidas, traballadoras; polo que imos ir ás próximas eleccións municipais co empeño de incrementar as Alcaldías e mellorar a nosa repre-

sentación, porque temos un modelo municipal de éxito que consegue que haxa máis desenvolvemento rural, mellor calidade de vida, cunha aposta clara polos servizos públicos”, concluíu.

SARRIA, unha comarca con sabor



O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos
caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696




**RESTAURANTE
A CARBALLEIRA
DE REBOLEIRA**
LEÑA Y CARBÓN

**MAESTROS
DE LA
PARRILLA**

Instagram icon: a.reboleira.restaurant
San Martín de Río Lancia
A Reboleira 27692
Tlf: 641 027 705



- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Facebook icon: Casa de Aira Padron






982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

**A Pulperia
do Luis**



RIO LOYO
Restaurante

**Mesón
Castro**



Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697





Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Instagram icon: Catering_meson_a_pontenova
Facebook icon: Meson pontenova






A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abrimos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



COMARCA

A XXVI Cea da Hostalería da Comarca de Sarria reuniu 250 persoas



A Sala Litmar converteuse no escenario dunha multitudinaria celebración coa XXVI Cea da Hostalería da Comarca de Sarria, unha cita que reuniu arredor de 250 persoas vinculadas ao sector, entre propietarios de establecementos, persoal traballador e representantes institucionais.

Entre os asistentes estiveron o alcalde, Claudio Garrido, a concelleira Geni Valcárcel, a voceira popular Carmen José López e outros membros da corporación municipal.

A velada comezou pasadas as 20.30 horas cunha recepción na que se serviron pinchos, que se prolongaron ata máis alá das 22.00 horas, momento no que estaba previsto o inicio da cea. Este tempo previo permitiu aos asistentes intercambiar impresións, compartir experiencias profesionais e celebrar, como é tradición cada luns posterior ao Entroido, o peso e a relevancia da hostalería na economía e na vida social da comarca de Sarria.

A organización do encontro correu a cargo de Cinza e Lume, Pulpería María, Oficina Eventos, Pizzería 17, Bar O Turuta e Cámping Vila de Sarria, que coordinaron unha xornada marcada polo recoñecemento ao traballo e á traxectoria no sector.

Durante o acto rendeuse unha homenaxe ás irmás Elena e Carmen Guitián, cociñeiras no mesón Pontenova de Samos e na cafetería Central de Sarria, en agradecemento pola súa dedicación profesional.

No transcurso da noite tamén se fixo entrega dos premios aos gañadores do Tapicheo, que recaeron en Cinza e Lume, DP Cristal e Don Pepe. A celebración pechouse cunha sesión musical a cargo dun DJ, que puxo o broche final a unha cita xa consolidada no calendario hostaleiro da comarca.

O Partido Popular pide revisar o Plan Nacional da Anguía

Os senadores do PP por Lugo, José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano, reuníronse cos alcaldes e representantes municipais de Portomarín, Paradela, O Páramo e Guntín, co presidente da Federación Nacional de Confrarías de Pescadores, Basilio Otero, coa directiva da asociación de pescadores O Carrual e con hostaleiros locais para analizar a situación da anguía e o seu valor cultural e socioeconómico para a zona.



Todos coincidiron en que unha explotación responsable non debería prexudicar a especie e reclamaron medidas preventivas xunto cunha xestión rigurosa en lugar de prohibicións drásticas.

Neste marco, os senadores presentaron unha iniciativa que o Grupo Popular defenderá na Comisión de Pesca do Senado para instar ao Goberno a revisar o Plan de Xestión Nacional da Anguía. O obxectivo é garantir que calquera decisión sobre a conservación da especie se basee en criterios científicos contrastados, avaliacións reais de resultados e na diferenciación por conchas hidrográficas.

A iniciativa parlamentaria propón non impulsar catalogacións estatais de máxima protección sen avaliar antes os plans autonómicos, revisar o Plan Nacional, instar ás comunidades autónomas a actualizar os seus

plans, garantir análises científicas diferenciadas por conca, priorizar a recuperación de hábitats e combater o furtivismo e o tráfico ilegal, avaliar o impacto socioeconómico de calquera restrición e adoptar medidas de protección coherentes coa lexislación europea e cos modelos de xestión existentes.

Os populares alertaron de que o recente anuncio do Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico de incluír a anguía no Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial na categoría de “En perigo de extinción” xerou preocupación en Galicia, onde se aplican modelos de xestión rigorosos, con control do esforzo pesqueiro, seguimento científico e loita contra o furtivismo. Destacaron que o reto é compatibilizar a protección das especies e a conservación do medio mariño coa viabilidade

económica e social do sector, preservando emprego, tradicións e tecido produtivo local.

Os informes científicos recentes, tanto do Plan español de primavera de 2025 como do Consejo Internacional para la Exploración del Mar, sinalan que non se acadaron totalmente os obxectivos, pero en ningún caso impoñen prohibicións xeneralizadas como única medida. Os senadores insisten en que unha conservación eficaz require diferenciar entre modelos que funcionan e os que non, evitando decisións uniformes que non se axusten á realidade biolóxica, ambiental e socioeconómica de cada conca.

Os senadores conclúen que a recuperación da anguía debe basearse no reforzo das medidas eficaces, na cooperación institucional e no respecto á experiencia acumulada polos territorios que demostraron capacidade de xestión responsable e sostible.



SONDEOS CORDERO
Especialistas en pozos de barrena



Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria



- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo



CASA NEIRAS
alimentos tradicionales

Info@casasneiras.com
Tel.: 982 986 084 | 698 163 989

ESTAMOS DE VOLTA

EN SARRIA

- Supermercado A Pontevela
- Supermercado Javi (Cruce da Estación)
- Alimentación Plaza Galicia

EN LÁNCARA

- Casa Enriqueta
- NA POBRA DE SAN XIAO**
- Supermercado Cerviño
- Comercial Luseiro

Convocan peches rotatorios en centros educativos

O Sindicato de Traballadores de Ensino de Galicia (STEG) e a CIG convocan peches nos centros educativos de toda Galicia e abertos a toda a comunidade educativa como unha continuación das mobilizacións iniciadas ao comezo do curso, que xa deron lugar a cinco folgas no primeiro trimestre. O sindicato non descarta máis convocatorias de folga nos próximos meses e espera que estas e outras accións sorpresa que se van levar a cabo lle sirvan como ultimato á Consellaría para que sente a negociar dunha vez por todas coa representación sindical maioritaria e que está liderando estas mobilizacións.

O BNG non consegue apoios para que o Goberno rexeite o acordo UE-Mercosur

A senadora do BNG, Carme da Silva, denuncia o voto en contra de PP e PSOE á moción nacionalista que procuraba instar o Goberno a mudar a posición e rexeitar o acordo UE-Mercosur polos seus efectos negativos sobre o sector agrogandeiro galego. Ambas formacións estatais, sinala Carme da Silva volven rexeitar defender os intereses dun sector estratéxico en Galicia e critica a posición de PP e PSOE que “din defendelo en Galicia mais todas as veces que tiveron que votar, votaron a favor do acordo”. Após a votación da iniciativa do BNG, a senadora nacionalista sinala que agora “os galegos e galegas teñen claro cal é a posición política de cada grupo político”. Tanto Partido Popular como Partido Socialista, votaron en contra da iniciativa do BNG en que se instaba o Goberno a rexeitar o acordo de asociación entre a Unión Europea e Mercosur polos efectos negativos sobre o sector agrogandeiro.

“O BNG ten claro, desde hai moito tempo, a súa posición política: estamos en contra do acordo UE-Mercosur porque suporá grandes prexuízos para un sector fundamental e estratéxico para a economía galega, sobre todo para as pequenas e medianas explotacións galegas” alerta Carme da Silva durante a defensa da iniciativa do BNG.



O Acordo UE-Mercosur, enumera a senadora nacionalista, ten tres problemas esenciais: suporá a importación de alimentos producidos a milleiros de quilómetros, que vai en

contra dos obxectivos marcados no seo da UE para o consumo de proximidade; existirá unha ausencia de controis e a utilización de fitosanitarios que na UE non se permiten e as condicións laborais das persoas que traballan nas explotacións.

Para Carme da Silva, esta moción serviu, ademais de para mostrar máis unha vez o apoio do BNG ao sector agrogandeiro galego, para que o Partido Popular “se quite a careta”.

A Deputación de Lugo licitou obras para a estrada entre Lugo e O Corgo

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou novos investimentos para a mellora de estradas provinciais nas zonas rurais e con baixa densidade de poboación, consideradas “esenciais na mobilidade diaria da veciñanza, claves para o acceso a servizos básicos e imprescindibles para actividades económicas agrarias, forestais e turísticas”, segundo destacou Pilar Porto.

Entre os concellos de Lugo e O Corgo licitáronse traballos para mellorar preto de catro km da LU-P-2904, que parte de Conturiz desde a N-VI e actúa como entrada e saída da capital. A rehabilitación afectará a un treito de 3,7 km, que comeza na Rañoá, na parroquia de Cela, e finaliza en Vilarmosteiro, no Páramo, desde o punto quilométrico 13,6 ao 17,4,

incluíndo tamén a mellora de 400 metros do tramo antigo no acceso a Vilarmosteiro. O proxecto conta cun orzamento de 294.563,31 euros e un prazo de execución de catro meses, e inclúe apertura de cunetas, pavimentación con aglomerado en quente e reposición da sinalización. Con esta actuación a vía quedará renovada na súa totalidade.

A Mancomunidade do Camiño Francés reivindica o seu valor



A Mancomunidade de Concellos Galegos do Camiño Francés celebrou un acto institucional no que, por primeira vez nos seus 25 anos de traxectoria, recibiu a visita de eurodeputados galegos. O encontro serviu para poñer en valor a dimensión europea da ruta xacobeá e o seu papel histórico e político na construción dunha identidade compartida.

A presidenta da Mancomunidade, Begoña Balado Conde, reivindicou o Camiño Francés como arteria principal de Europa e un dos piares da cultura europea.

O eurodeputado socialista Nicolás González Casares destacou a vixencia cultural e política do Camiño e subliñou que, tras 40 anos da integración de España na Unión Europea, é posible avaliar con perspectiva o avance experimentado como país e como sociedade. Na súa intervención afirmou que o Camiño de Santiago é moito máis que unha ruta de peregrinación, ao consideralo un dos elementos centrais na configuración dunha conciencia europea baseada no encontro entre pobos e no respecto mutuo. “O Camiño é paz, Europa é paz e tamén democracia”, proclamou.

Para González Casares, a conexión entre o Camiño e a Unión Europea é profunda, xa que ambos contribúen a tecer vínculos e consolidar cooperación e dereitos. Tanto a pertenza á UE como a defensa do Camiño constitúen cuestións irrenunciáveis para Galicia.

O eurodeputado incidiu tamén na necesidade de preservar o patrimonio e a paisaxe vinculados á ruta xacobeá. Sostivo que o Camiño non pode entenderse sen o respecto polo territorio e lembrou que a normativa europea tampouco avala transformacións ambientais drásticas. Defendeu que o desenvolvemento industrial é “posible”, chamando á reflexión sobre os cambios experimentados nos últimos 50 quilómetros do percorrido, co risco de que a contorna derive nun monocultivo de eucaliptos.

NOVA GUÍA GASTRONÓMICA. Por outro lado, a Mancomunidade do Camiño Francés presentou a súa nova guía gastronómica titulada ‘Saborea o Camiño Francés’, unha proposta que pon en valor o produto local, diferenciado e de calidade dos once concellos que percorre esta histórica ruta xacobeá.



INVISTE EN PARADELA

**FAI REALIDADE
O TEU PROXECTO:
VIVEIRO DE
EMPRESAS E
POLÍGONO
INDUSTRIAL.**

200

ANOS



Concello de Paradelá

“O GDR contribúe a que o rural poida decidir o seu futuro”

Cristina Estévez, técnica do GDR Ribeira Sacra - Courel que engloba trece concellos do sur de Lugo, explica o funcionamento e o obxectivo do grupo

Este GDR está formado polos municipios de Triacastela, O Incio, Samos, A Pobra do Brollón, As Nogais, Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, O Saviñao, Pantón, Quiroga, Ribas de Sil e Sober.

En que consiste o traballo dos GDR e, concretamente, do Ribeira Sacra – Courel?

Os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) somos entidades sen ánimo de lucro que xestionamos no territorio o programa Leader, unha iniciativa europea orientada a impulsar o desenvolvemento rural desde abaixo, contando coa participación activa da poboación local. O noso traballo consiste en deseñar e aplicar unha Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo adaptada ás necesidades reais do territorio. Isto implica apoiar persoas emprendedoras, empresas, asociacións e administracións públicas na posta en marcha de proxectos que xeren actividade económica, emprego e mellora da calidade de vida no rural. No caso do GDR Ribeira Sacra–Courel, traballamos nun territorio amplo, integramente rural, con grandes valores paisaxísticos, patrimoniais e produtivos, pero tamén con retos importantes como o envellecemento, a dispersión poboacional ou a falta de servizos. O noso labor non se limita a xestionar axudas: tamén dinamizamos, asesoramos, detectamos oportunidades e acompañamos aos promotores desde a idea inicial ata a execución do proxecto. En definitiva, actuamos como unha ferramenta de conexión entre os fondos europeos e as necesidades reais do territorio, procurando que cada proxecto teña

un impacto positivo e duradeiro na comunidade.

Por que son importantes estes grupos de desenvolvemento para a sociedade dos trece concellos que engloba?

Os GDR son importantes porque permiten que as decisións sobre o desenvolvemento do territorio se

cra–Courel, falamos dun territorio rural con características comúns e tamén con problemáticas compartidas, como o envellecemento demográfico, a dispersión ou a necesidade de diversificar a economía. O GDR actúa como un espazo de coordinación e cooperación entre municipios, favorecendo proxectos

proxecto viable que xera emprego, fixa poboación e dinamiza a vida social e económica do territorio. En definitiva, o GDR contribúe a que o rural non sexa un espazo pasivo, senón un territorio con capacidade para decidir o seu propio futuro.

Que accións se fan desde esta entidade en favor da comunidade, do medio ambiente...?

Desde o GDR traballamos en varias liñas complementarias. Por unha banda, apoiamos proxectos produtivos promovidos por persoas emprendedoras e empresas locais, que contribúen á creación de emprego, á diversificación económica e á fixación de poboación no rural. Por outra banda, tamén impulsamos

vinculadas á valorización dos recursos naturais, á eficiencia enerxética, á economía circular e á protección da paisaxe, que é un dos grandes valores da Ribeira Sacra–Courel. O desenvolvemento rural hoxe non se entende sen un equilibrio entre actividade económica e sustentabilidade. Ademais da xestión de axudas, realizamos tarefas de información, asesoramento e dinamización territorial, promovendo a participación da comunidade e detectando novas oportunidades de desenvolvemento acordadas coa nosa Estratexia. En conxunto, o noso obxectivo é contribuír a un territorio máis dinámico, cohesionado socialmente e ambientalmente responsable.



tomen desde o propio territorio. O modelo Leader baséase nun enfoque participativo, no que están representados os concellos, o tecido empresarial, o asociativo e outros axentes sociais. Iso garante que os recursos se orienten ás necesidades reais da poboación e non a criterios alleos á realidade local. No caso dos trece concellos da Ribeira Sa-

que, moitas veces, teñen un impacto que vai máis alá dun único concello. Ademais, somos unha porta de acceso a fondos europeos que, doutro xeito, resultarían moito máis complexos de xestionar para moitas pequenas iniciativas locais. Grazas a este acompañamento, moitas persoas emprendedoras e entidades poden transformar unha idea nun

proxectos non produtivos promovidos por concellos e asociacións, orientados á mellora de servizos, á recuperación de espazos públicos, á posta en valor do patrimonio cultural e natural ou á dinamización social. Este tipo de actuacións teñen un impacto directo na calidade de vida da veciñanza. No ámbito ambiental, fomentamos iniciativas

Que tipo de proxectos poden ser parte da convocatoria Leader?

A nova convocatoria Leader 2026–2028 está orientada a apoiar proxectos que contribúan ao desenvolvemento económico, social e ambiental do noso territorio, sempre en coherencia coa Estratexia de Desenvolvemento Local do GDR Ribeira Sacra–Courel.

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camino Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

A CASA

::cenor

Plan RENOVE Cenor

479€

TV QLED 55" DAEWOO 55DM55QV

299€

Rúa Diego Pazos, 5,
27600 Sarria, Lugo
982 53 09 25
info@electrodomesticosacasa.com

Poden presentarse proxectos produtivos, promovidos por persoas autónomas, pemes ou novas iniciativas empresariais, que supoñan a creación, modernización ou diversificación de actividades económicas no rural. Aquí inclúense iniciativas vinculadas ao sector agroalimentario, ao turismo sostible, aos servizos á poboación, á transformación de produtos locais ou a novas actividades innovadoras adaptadas á realidade rural. Tamén poden ser subvencionables proxectos non produtivos promovidos por concellos, entidades públicas ou asociacións, orientados á mellora de servizos, á recuperación e posta en valor do patrimonio, á

innovación.

Desde o GDR, veñen de poñer en marcha o proxecto “Mulleres que contan”, como nace a idea, que obxectivo ten e como está sendo o seu desenvolvemento?

“Mulleres que contan” é un proxecto de cooperación intrateritorial no que participamos catro Grupos de Desenvolvemento Rural galegos xunto coa Asociación Cultural Castelo Conta, que foi quen impulsou a idea a partir dunha experiencia previa desenvolvida na aldea de Castelo. O proxecto nace coa vontade de crear espazos de encontro reais para mulleres do rural, especialmente en contextos onde a soidade, o envellecemento e a dis-

obradoiros centrados no coidado emocional, o autocoñecemento e o desenvolvemento de habilidades, encontros interterritoriais e a produción dun documental audiovisual que recollerá as vivencias e voces das protagonistas. Está sendo un proceso moi enriquecedor, no que as participantes non só comparten memoria e experiencias de vida, senón que están construíndo novas relacións e unha rede de apoio que pode ter continuidade máis alá do propio proxecto.

Por que decidiron implicar mulleres de Triacastela, Paradela, Manzaneda e Baroña?

Cada un dos GDR participantes seleccionou o seu territorio en



dinamización social e cultural ou á mellora de infraestruturas de uso comunitario. A convocatoria busca proxectos viábles, con impacto real no territorio, que contribúan á creación de emprego, á fixación de poboación e á mellora da calidade de vida, incorporando ademais criterios de sustentabilidade ambiental e

persión xeográfica dificultan as relacións sociais. O seu obxectivo principal é fortalecer as redes de apoio entre mulleres rurais, promover o intercambio de experiencias e saberes e contribuír ao seu empoderamento persoal e colectivo. A metodoloxía combina fases de mediación e contacto cos grupos participantes,

función dunha análise social previa e das características da poboación. No caso do GDR Ribeira Sacra-Courel, escollemos Triacastela por tratarse dun dos concellos máis envellecidos do noso ámbito, onde a soidade non desexada pode ser unha realidade silenciosa para moitas mulleres. Ao mesmo tempo, é un concello



que presenta unha realidade diversa, con presenza de mulleres inmigrantes que enriquecen o tecido social local. Esa combinación de envellecemento e diversidade convertíao nun contexto especialmente interesante para traballar a creación de redes, o encontro intercultural e o fortalecemento comunitario. Nos outros territorios cooperantes —Paradela, Manzaneda e Baroña— os respectivos GDR identificaron tamén grupos de mulleres en contornas rurais con características similares, buscando sempre pequenas comunidades onde non existisen estruturas asociativas consolidadas, para favorecer a creación de vínculos novos e significativos. O obxectivo común foi actuar en lugares onde o proxecto puidese ter un impacto real na cohesión social e abrir espazos que, ata agora, non existían.

Teñen outros proxectos en mente?

Si, ademais de “Mulleres que contan”, desde o GDR Ribeira Sacra-Courel estamos a traballar noutros proxectos de cooperación que reforzan a dimensión cultural e social do desenvolvemento rural. Un de-

les é Interritmos. Sons do rural, unha iniciativa que busca poñer en valor a música como elemento de identidade, cohesión e dinamización territorial, conectando tradición e creación contemporánea. A cultura é tamén unha ferramenta de desenvolvemento, e entendemos que proxectos deste tipo axudan a fortalecer o sentimento de pertenza e a proxectar unha imaxe viva e actual do rural. Ademais, ao longo deste ano está previsto iniciar un novo proxecto tamén vinculado á música, pero cun enfoque especialmente dirixido á mocidade do territorio. O obxectivo será implicar á comunidade máis nova, crear espazos de participación activa e favorecer que a xuventude se sinta protagonista na construción do futuro do rural.

Cal é a proxección de futuro?

A nosa proxección de futuro pasa por consolidar un modelo de desenvolvemento rural participativo, sostible e adaptado ás realidades do territorio. Quereamos seguir apoiando o emprendemento, reforzar os servizos e xerar proxectos que contribúan á cohesión social e á calidade de vida nos nosos concellos.

Tapisa, s.l.

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
646 599 185

Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de TAEKWONDO SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

DEPUTACIÓN

A Deputación pide á Xunta máis recursos para a atención á diversidade

O Pleno ordinario da Deputación provincial aprobou unha iniciativa socialista para reclamar á Xunta de Galicia a necesidade de reforzar o persoal de atención á diversidade nos centros educativos da provincia. A moción contou cos votos a favor do PSdeG, o BNG e o deputado non adscrito e os votos en contra do PP. “Levamos anos vendo o declive da ensinanza pública por falta de vontade política. É evidente que Galicia arrastra unha falta estrutural de profesorado especialista en atención á diversidade, o que impide garantir unha educación verdadeiramente inclusiva e adaptada ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio”, sinalou a Deputada de Muller e Igualdade, Marisol Morandeira Morandeira. Destacou ademais que este ano o curso académico arrancou na provincia de Lugo 157 vacantes de profesorado sen cubrir, “algo que se repite ano tras ano”. Defendeu que son numerosos os exemplos de centros na provincia de Lugo que carecen de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e de Audición e Linguaxe (AL) a pesar de contar con alumando que ten ditame recoñecido, ou nos que a atención á diversidade queda gravemente limitada pola falta de recursos humanos mínimos, xerando unha situación de desigualdade entre concellos. O texto presentado polos socialistas inclúe ademais que a Xunta de Galicia elabore e poña en marcha “de maneira inmediata” un Plan de Choque específico para reforzar os



especialistas en atención á diversidade; que dote este dos recursos económicos e humanos necesarios; que revise os criterios de asignación e ratios de profesorado PT e AL; e que garanta a cobertura efectiva das prazas necesarias. Ademais, o Pleno aprobou por unanimidade unha Declaración Institucional con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, na que se recoñece o papel das mulleres que sosteñen a administración local e desempeñan funcións esenciais na planificación, xestión e prestación de servizos públicos.

OUTRAS PROPOSTAS. A Deputación de Lugo instou á Xunta a poñer en marcha unha estratexia organizada e preventiva para salvagardar o patrimonio da provincia e impedir que se produzan danos irreversibles nos seus bens culturais. A proposta, presentada polo BNG, saíu adiante, malia o voto en contra do PP.

No transcurso do debate, a deputada nacionalista Iria Castro cuestionou a ausencia dunha política de conservación sólida por parte do Executivo autonómico, ao que lle corresponde a tutela dos Bens de Interese Cultural. Subliñou que non abonda con actuar cando xa se produciron derrubamentos, senón que é preciso anticiparse cunha planificación que evite o deterioro. Como exemplo, referiuse á Muralla de Lugo, onde informes técnicos sinalan varios puntos sensíbles, e tamén a outros enclaves como a Torre de Torés, a Torre de Caldaloba ou a Casa Benedicto, casos nos que denunciou demoras e falta de actuación por parte da Xunta. Na mesma sesión plenaria, a Corporación aprobou por unanimidade unha iniciativa para reclamar ao Goberno do Estado unha intervención integral na N-540, estrada que conecta Lugo con Ourense. O BNG solicitou actuacións inmediatas nos

treitos máis afectados ao longo do primeiro semestre de 2026 e a execución, sen máis atrasos, dunha reforma en profundidade da vía. O deputado Daniel García alertou do perigo que representa o estado actual da estrada para a seguridade das persoas usuarias e criticou a escasa inversión en infraestruturas viarias na provincia. Ademais, fixo referencia á situación doutras vías relevantes como a N-VI, a N-120 e a N-640, así como aos atrasos acumulados en proxectos como a A-74, a VAC Costa Norte ou o desdoblamento da AG-22. O PP criticou que PSOE e BNG votasen en contra das dúas iniciativas. Os populares propoñían, por unha banda, habilitar un fondo extraordinario de polo menos 5 millóns de euros para axudar aos 67 concellos da provincia a reparar infraestruturas municipais danadas polos temporais, especialmente camiños rurais, mediante axudas directas e procedementos simplificados. Tamén solicitaron que a Deputación instase ao Goberno central a retirar o recurso presentado ante o Tribunal Constitucional contra o plan galego de axilización da dependencia.

VISITA AO PLENO. A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, saudou a un grupo de 24 alumnos e alumnas, xunto a varios docentes, do Grao de Relacións Laborais e Recursos Humanos do Campus de Lugo, que asistiron en directo aos Plenos ordinario e extraordinario celebrado no Pazo de San Marcos.

Aprobada a listaxe de admitidos na sexta edición do Coñece a túa provincia

A Xunta de Goberno aprobou a listaxe provisional das entidades admitidas para participar na sexta edición do Coñece a túa provincia, que saen publicadas, no BOP. Esta nova convocatoria bateu récord de participación cun total de 365 solicitudes, 32 máis que o ano pasado. Destas solicitudes, 135 colectivos foron admitidos, mentres que 230 quedan na lista de agarda por se se producen baixas. “Un dato a destacar é que, nesta ocasión, todos os colectivos admitidos participan por primeira vez, xa que se priorizaron as entidades que nunca antes formaran parte desta iniciativa. O obxectivo é ampliar o alcance do programa e abrir novas oportunidades de redescubrir a provincia a través destas vías gratuítas”. Desde que se puxo en marcha en 2021, o programa medrou de xeito constante e consolidouse como un éxito rotundo entre os colectivos da provincia. O seu interese non deixa de crecer: ata agora, preto de 12.200 persoas participaron, xerando un retorno económico superior a 800.000 euros. Ademais aprobáronse as bases e convocatorias para cubrir seis novas prazas de funcionario mediante concurso-oposición incluíndo unha praza de Auxiliar para o Arquivo Provincial, tres prazas de Auxiliar de Sala para a Rede Museística-dúas reservadas a persoas con discapacidade-, e por último, dúas prazas de Maquinista-Conducidor para o Parque Móvil reforzando así os servizos públicos da institución provincial. Nos vindeiros días saíran publicadas no BOP.

ATENCIÓN FAMILIAR

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSAGRADA

HORARIOS

DE LUNS A SÁBADO
Horario continuo
de 9:00 a 21:00 h.

DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA

www.facendafarruquino.gal

MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)

Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731

www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

Impulsarán cursos e demostracións de artesanía na provincia

A Vicepresidencia pon en marcha unha nova iniciativa de promoción da artesanía, o programa Mans artesás, co que profesionais da provincia ofrecerán demostracións, obradoiros e cursos de diferentes oficios tradicionais e manuais. Cestería, olería, traballo con coiro, técnicas de tecido ou torneado e tallado de madeira son algunhas das actividades incluídas, que se desenvolverán en función da dispoñibilidade das artesás e artesáns participantes. As asociacións e colectivos interesados deben remitir un correo electrónico a formacion.centrad@deputacionlugo.org con tempo.

Estefanía Padullés presenta 'Memoria de sombra y bosque'

A ilustradora e escritora catalá afincada en Paradela, Estefanía Padullés, acaba de publicar a súa novela 'Memoria de sombra y bosque', que narra a historia de Alina, unha moza de 15 anos, orfa de nai, que vive nun centro de menores tutelados.

A autora documentouse en casos reais para mostrar as vivencias dos mozos internados nestes centros, situando a acción nun bosque que se converte en testemuña "da fábula universal do medo que supón deixar atrás a infancia". A obra combina o xénero de terror co thriller psicológico, marcando un cambio respecto ás publicacións anteriores da escritora.

Así, antes desta, Estefanía Padullés publicara 'A egua de Breogán', na que se expón a lenda de que foi o rei Breogán quen uniu ás tribos celtas e as asentou arredor da torre de Brigantia para fundar a nación galega. Este libro, fala da súa egua, ese animal sagrado que transfor-



mou a Breogán en heroe, e que, aínda hoxe en día, ás veces se pode escoitar galopando entre os vellos bosques de Galicia.

PRESENTACIÓN EN SARRIA. Estefanía Padullés presentará a novela 'Memoria de sombra y bosque' o 6 de marzo ás 20.00

horas na biblioteca pública municipal Camilo Gonsar de Sarria. O acto contará coa propia autora, o editor de Alauda Negra, Xosé Lois Gutiérrez, os concelleiros de Cultura e Políticas Sociais, César No e Ana Isabel Vergara, e a responsable da biblioteca, Miriam Alonso.

O Concello de Paradela impulsará a mellora de tres miradoiros

O Concello de Paradela proxecta revitalizar tres dos seus miradoiros máis emblemáticos, Santa Marta, Cabodevila e Adegados Penedos, co obxectivo de realzar as panorámicas sobre o río Miño e favorecer a chegada de visitantes ao municipio.

As intervencións previstas contemplan a renovación do mobiliario urbano e a adecuación das zonas verdes, actuacións que se executarían a través dun novo obradoiro de emprego. Para facelo posible, o goberno local solicitou á Xunta de Galicia a concesión dun taller compartido cos concellos de Láncara e Samos, baixo a denominación Os Soutos.

Mediante este programa formativo-laboral preténdese intervir no equipamento destes espazos, deteriorado polo paso do tempo e pola exposición ás condicións meteorolóxicas adversas. Ademais da posta a punto de bancos e outros elementos, prevese unha reorganización das áreas axardinadas e a execución doutras melloras complementarias para optimizar a

imaxe e funcionalidade dos miradoiros.

O equipo de goberno que lidera José Manuel Mato Mulet tamén ten planificadas outras dúas actuacións que confía en desenvolver a través deste obradoiro.

Trátase da adecuación de dúas zonas verdes situadas nas inmediacións do colexio público San Miguel e do centro polifuncional Xesús Mato, co propósito de mellorar estes espazos de uso veciñal.

FONTANERÍA Y GAS VILAR VALCARCEL

JOSÉ LUIS VILAR LOSADA

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

SERVICIOS:

- AEROTERMIA
- SUELO RADIANTE
- BIOMASA
- INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

Sonia Arias levou a curtametraxe 'Mudanza' a un acto en Castelldefels



A escritora paradelense Sonia Arias participou nun encontro celebrado en Castelldefels no que afondou no proceso íntimo de creación do seu relato 'Mudanza', adaptado á gran pantalla polo director Luisje Moyano.

A autora explicou nun diálogo aberto como xurdiu a historia nun momento persoal complexo, marcado por vivencias difíciles que acabaron dando forma a un texto cargado de emoción e verdade.

Durante a conversa, Arias detallou que sentimentos pretendía esperar nas persoas lectoras ao abordar a perda, así como a fonda conexión entre as súas raíces e a súa maneira de entender ese proceso vital desde unha perspectiva humana e digna. O público tivo así a oportunidade de coñecer o tránsito da palabra escrita á linguaxe audiovisual e de reflexionar sobre a vida e a superación.

Ademais, estivo tamén o psicólogo Jordi Royo Pozo, que traballa no Hos-

pital Universitari Parc Taulí de Sabadell en Coidados Paliativos Pediátricos no ámbito do acompañamento emocional e pediúlle a curta para poder proxectala nos hospitais.

O acto converteuse nunha oportunidade para dar visibilidade ao traballo dun equipo comprometido o e para levar o nome de Paradela e Sarria, onde se gravou, máis alá, tratando unha temática social.

A autora puxo en valor o labor de Isabel Montes, produtora da curtametraxe e a que xestionou a organización do acto en Castelldefels, salientando o seu compromiso e implicación.

'Mudanza' partiu dun texto incluído na obra 'Manchas de frío', na que Arias abordou o cancro e o proceso de afrontar a morte desde unha ollada respectuosa. O proxecto foi recoñecido co premio á Mellor Temática Social no Festival Internacional de Cine CityBlue Films, un galardón que puxo en valor a calidade da proposta.

LIMPIEZAS ISABEL

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

674 467 444
641 171 951

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabellimpiezas@gmail.com

O Clube de Pesca Río Neira cualifica de éxito as V Xornadas Técnicas



O Clube de Pesca Río Neira de Láncara celebrou a pasada fin de semana a quinta edición das súas Xornadas Técnicas de pesca a mosca, unha convocatoria que a entidade valora como un éxito pola elevada participación e pola implicación das persoas colaboradoras.

A actividade principal desenvolveuse o domingo 22 de febreiro en Láncara e estivo especialmente dirixida á infancia, nunha aposta pola formación das novas xeracións. Un total de 14 nenos participaron en clases prácticas de montaxe de moscas e de técnicas de lance, mentres que preto dun centenar de persoas asistiron ao conxunto da xornada, que combinou aprendizaxe, demostracións e divulgación.

O club agradeceu a colaboración da Asociación Cultural Val de Láncara, que cedeu as súas instalacións para a celebración do encontro. Tamén destacou o labor de Luis Sandamil e Roi Antelo, encargados da montaxe de moscas para os máis novos, así como de Tomás Pardo, que asumiu a formación en lance. Raúl Sánchez e Ali Pérez realizaron demostracións de elabo-

ración de moscas e resolveron as dúbidas do público asistente, mentres que Álvaro Fernández explicou o proceso de fabricación das poteras empregadas na pesca do calamar.

A programación completouse cunha conferencia sobre xestión piscícola impartida por Santiago Fraga, que abordou cuestións relacionadas coa conservación e o coidado dos recursos fluviais.

CURSO DE LIMPEZA. O Club tamén promoveu o domingo, 1 de marzo unha xornada de limpeza no río Neira co obxectivo de contribuír á conservación deste espazo natural e fomentar a implicación cidadá no seu coidado. A entidade defende que o río “é de todos” e que cada bolsa de lixo retirada supón un paso máis para devolverlle vida ao Neira. A actividade tivo como obxectivo mellorar o estado do leito fluvial e concienciar sobre a importancia de manter limpos os espazos naturais.

A actividade, aberta a calquera persoa, converteuse nunha xornada solidaria na que se combinou compromiso ambiental e convivencia.

O Concello incorpora nova maquinaria para residuos e limpeza

O Concello de Láncara, en colaboración con FCC Medio Ambiente, presentou a nova maquinaria incorporada ao servizo municipal co obxectivo de optimizar a recollida de residuos, a limpeza viaria e a xestión do punto limpo. A actuación supón un investimento total de 350.321 euros e permitirá modernizar os medios técnicos dispoñíbles, apostando por tecnoloxía de última xeración en emisións, ruído, ergonomía e eficiencia.

Entre as incorporacións destaca un camión de recollida de 8 metros cúbicos, con sistema de carga traseira e elevada manobrabilidade, especialmente adaptado ás características da zona rural. O vehículo conta cun motor Euro VI-E de 220 cabalos de potencia e destinarase á recollida da fracción resto, orgánica e envases. O servizo complétase cun furgón de caixa aberta equipado con plataforma elevadora e sistema bas-



culante, dotado dun motor Euro VI-E de 130 cabalos. Este vehículo empregarase na recollida de móbiles e enseres, así como en tarefas de limpeza viaria, ao incorporar hidrolimpadora e depósito de auga. No punto limpo incorporouse unha trituradora de restos de poda con capacidade para procesar material de ata 150 milímetros de diámetro, así como unha caixa aberta de 30

metros cúbicos para facilitar a súa xestión e posterior reparto entre as persoas usuarias de composteiros, incluído o colectivo de Valdriz. A mellora do servizo inclúe tamén a instalación de novos colectores para a fracción resto, envases, papel e cartón e vidro en todo o termo municipal, ademais da renovación das papeleiras no núcleo da Pobra de San Xiao.

Mellórase o firme nas parroquias de Castelo, Pedreira e Outeiro

O Goberno local lancarés destinará arredor de 150.000 euros á mellora do pavimento nos núcleos de Castelo, Pedreira e Outeiro, grazas a un acordo de colaboración coa Deputación Provincial de Lugo. A intervención permitirá actuar sobre varios viais que presentan un acusado deterioro e que precisan unha renovación integral.

No caso de Castelo, as obras xustifícanse polo deficiente estado do firme, que presenta desgaste do material bituminoso e zonas claramente erosionadas. A isto súmase a presenza de residuos e vexetación nas cunetas, así como a inexistencia dun sistema de dre-

naxe eficaz, factores que agravan a degradación da vía.

En Pedreira, onde tamén está prevista a construción dun muro de contención, os laterais da estrada atópanse cubertos de maleza, o que reduce a visibilidade e incrementa o risco para a circulación. Ademais, detectáronse outros problemas como a escasa anchura da calzada e distintas irregularidades na superficie de rodaxe, que fan necesaria unha actuación de rexeneración.

Polo que respecta a Outeiro, o proxecto inclúe igualmente a execución dun muro para garantir a estabilidade do terreo. Segundo recolle a memoria xustificativa do

Concello de Láncara, a carencia desta infraestrutura supón un perigo de erosión, desprendementos e posibles danos estruturais a medio e longo prazo. Neste núcleo, a actuación servirá para corrixir o pavimento actual, que presenta fendas, zonas afundidas, sumidoiros deteriorados, encontros deficientes con edificacións e accesos mal resoltos, ademais da falta dun tratamento urbano uniforme en prazas e calzadas.

As intervencións contemplan a limpeza das cunetas, o varrido do firme existente e a aplicación dunha nova capa de rodaxe mediante aglomerado en quente.



Vazquez Autos



pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com



Don Pepe

CERVECERÍA PUB
El mejor ambiente todos los días hasta las 3 de la mañana

TAPAS CASERAS
y elaboradas de 19:30 a 23:00 h

LA MEJOR SESIÓN VERMÚ
sábados y domingos desde las 13:00 h

Disponemos de servicio de retransmisión de fútbol con los mejores partidos de Liga y Champions así como del resto de eventos deportivos

Rúa Da Liberdade, 126, 27600 Sarria

O II Cocido Gourmet Porco Celta do Incio terá lugar o 14 de marzo

O Concello do Incio impulsa a segunda edición do Cocido Gourmet Porco Celta, que se celebrará o sábado 14 de marzo no Hotel Hermita Rural, en Eirexalba, tras a positiva acollida da primeira convocatoria. O obxectivo é continuar reivindicando este produto autóctono e afianzar a iniciativa dentro do calendario gastronómico galego.

A pregoeira desta edición será a cantante Lucía Pérez, natural do municipio, quen pronunciará o seu discurso ás 14:00 horas. A súa designación responde ás súas raíces no Incio e á súa traxectoria artística, que a levou a actuar en escenarios de dentro e fóra de Galicia levando o nome da localidade. Xunto a ela, o humorista David Amor participará como embaixador do evento, contribuíndo á súa proxección nunha xornada que combina gastronomía e promoción do medio rural.

A programación dará comezo ás 13:00 horas cunha cata de viños guiada coa colaboración de Bruno Lovelle, na que se ofrecerán petiscos gourmet elaborados con Porco Celta como aperitivo. Tras o pregón, ás 15:00 horas iniciárase o xantar, que terá como prato estrela o cocido, seguido dunha queimada co seu tradicional conxuro. A tarde continuará ás 18:00 horas cun



concerto do grupo Deloreans, que interpretará versións de temas indie, pop e rock. Xa ás 20:00 horas celebrárase unha cea con iscos ao espeto e, posteriormente, a xornada pecharase cunha noite de destilados selectos e combinados.

O alcalde do Incio, Héctor Corujo, destacou que esta segunda edición dá continuidade a un proxecto que naceu coa intención de fortalecer a identidade gastronómica do municipio e respaldar o sector do Porco Celta. Ademais, incidiu en que a meta é que o evento medre progresivamente, gañe visibilidade e se consolide como unha referencia dentro das citas gastronómicas tanto da provincia como do conxunto de Galicia.

PAZO DE RESERVA. O Concello abriu o prazo de reservas para participar no II Cocido Gourmet Porco Celta do Incio. As mesas deberán reservarse chamando exclusivamente ao Concello, por orde de chamada e ata completar o aforo dispoñible. As mesas están pensadas preferentemente para 12 comensais e teñen un prezo de 50 euros por persoa, aínda que tamén poderán reservarse, ao mesmo custo, as prazas individuais que queden libres.

No caso de cubrirse todas as prazas, habilitárase unha lista de agarda. Para máis información e para tramitar as reservas, as persoas interesadas poden contactar co Concello do Incio no 982 42 70 14.

As agrupacións forestais, motor contra o abandono do monte

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, visitou os terreos da agrupación forestal de xestión conxunta San Pedro do Incio acompañada pola directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Luisa Piñeiro. Durante a visita, puxo en valor estas fórmulas asociativas como instrumento clave para mellorar a produtividade forestal e frear o abandono do monte.

Durante a visita, tamén se puxo o foco na participación da agrupación de San Pedro do Incio no plan piloto para a rehabilitación dos soutos galegos, unha iniciativa impulsada pola Consellería que seleccionou máis de 300 hectáreas representativas. Este proxecto permitiu constituír as cinco primeiras agrupacións forestais, entre elas a do Incio, que integra a 39 propietarios e

56 hectáreas, pasando de 174 parcelas xestionadas de forma individual a unha única xestión coordinada.

No marco desta actuación estanse a desenvolver traballos de recuperación e conservación dos soutos tradicionais, que inclúen rozas, podas sanitarias e selección de brotes, entre outras intervencións. Ata o momento executáronse actuacións por importe de 142.000 euros. Ademais, destináronse 36.000 euros ás achegas para a rehabilitación de soutos de castiñeiro e outros 42.500 euros adicionais para ampliar a superficie incorporada á xestión conxunta. A intención é engadir outras 50 hectáreas, con parcelas que quedaran no medio da superficie para dar continuidade e expandíndose cara a unha zona nova.

A charanga Bicoia abre o cartel do Terra Brava



O Festival Terra Brava do Incio comeza a contar motores para a súa edición de 2026, que terá lugar o 15 de agosto, coa primeira confirmación do seu cartel.

A organización anunciou a incorporación da Charanga Bicoia, unha formación feminina que destaca pola súa enerxía e pola

capacidade de converter cada actuación nunha auténtica festa.

A banda, integrada por mulleres e cun repertorio pensado para facer vibrar ao público, será unha das encargadas de poñer ritmo a unha xornada que cada verán reúne no Incio a centos de persoas arredor da música e do ambiente festivo.

A ITV móbil para vehículos agrícolas estará entre o 9 e o 13 de marzo

Unha unidade móbil da ITV estará no Incio para a realización das inspeccións técnicas periódicas de vehículos agrícolas. Segundo a comunicación recibida da empresa Supervisión y Control S.A. (ITV), o servizo prestarase entre os días 9 e 13 de marzo en diferentes puntos do termo municipal.

A primeira xornada terá lugar o 9 de marzo en Noceda, na pista polideportiva, cun horario de mañá de 09:00 a 13:30 horas e pola tarde de 15:15 a 18:00 horas. Ao día seguinte, o 10 de marzo, a ITV móbil desprazárase á Cruz do Incio, mantendo o mesmo horario. O día 11 estará tamén na Cruz do Incio, de novo con

atención en horario de mañá e tarde. O 12 de marzo a unidade móbil situarase en Val do Mao, no Campo da Festa, cun horario idéntico ao das xornadas anteriores, e o servizo rematará o 13 de marzo no mesmo emprazamento de Val do Mao, cunha única quenda de mañá, de 09:00 a 13:00 horas.

CREADOS

- PSICOPEDAGOGÍA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TÉCNICAS DE ESTUDIO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
27600 Sarria (LUGO)
626 21 86 28

INFANTIL PRIMARIA ESO

OFISA
Asesoría

Fiscal - Contable - Laboral

Teléfono: 982 53 36 50 . www.ofisa-asesoria.es

A Deputación de Lugo destina 372.589 euros á reforma do pavillón



A Deputación de Lugo alcanzará 372.589 euros para acometer a reforma do pavillón municipal situado ao carón do CEIP Samos, en virtude dun convenio asinado coa administración local o pasado mes de novembro. A actuación permitirá modernizar unha infraestrutura que leva arredor de 40 anos sen unha intervención de calado e que presenta deficiencias estruturais e funcionais. Segundo explicou a alcaldesa, Chus López, o inmoble atópase “nun estado preocupante”, con problemas de goteiras, unha iluminación insuficiente e carencias en materia de accesibilidade. A actuación prevista nesta primeira fase centrarase na substitución da cuberta, que presenta filtracións de auga. Aínda que o Concello realizou tarefas de mantemento, reparación de goteiras e limpeza de canos, moitos destes elementos deberán ser renovados por completo. Ademais, instaláranse 252 paneis fotovoltaicos na nova cuberta, que permitirán xerar enerxía eléctrica tanto para o propio pavillón como para outros equipamentos públicos, entre eles o colexio. O proxecto inclúe tamén a re-

novación das luminarias actuais por outras de tecnoloxía led máis eficientes, o que mellorará a iluminación da pista deportiva e contribuirá a reducir tanto o consumo eléctrico como os custos de mantemento da instalación. No ámbito da accesibilidade, levaranse a cabo actuacións tanto no exterior como no interior do edificio. Construírase unha rampla lateral de acceso e ampliárase a porta lateral para facilitar a entrada de vehículos como ambulancias ou a Furgoteca. No interior, eliminaranse os chanzos de acceso a vestiarios, aseos e almacéns mediante a reorganización da escaleira principal, que pasará de contar con varios tramos a un único, complementando as diferenzas de altura coa instalación de ramplas metálicas. Esta será a primeira fase dun proxecto máis amplo, cun prazo de execución de 9 meses e co remate das obras fixado como límite a finais de ano. Nunha segunda etapa, tal e como avanzou a rexedora, será necesario actuar sobre as bancadas, a pista deportiva, os vestiarios e os baños para completar a renovación integral do pavillón.

O Goberno local quiere mellorar as beirarrúas e as fontes

O Concello de Samos, a través do obradoiro de emprego compartido con Paradela e Lámbara, denominado 'Os Soutos' e solicitado novamente para este ano, ten como obxectivo acometer a reparación de beirarrúas no municipio e reforzar a accesibilidade tanto para a veciñanza como para as persoas que visiten a localidade. As actuacións desenvolveranse nas beirarrúas da estrada principal e na contorna do campo da feira e do antigo colexio. Este inmoble permanece pechado desde hai tempo, aínda que continúa utilizándose durante as xornadas electorais e para determinadas actividades puntuais. Os traballos previstos non só repercutirán na capital municipal, senón tamén no núcleo de



Castroncán, onde as beirarrúas serán desbrozadas, acondicionadas e rexuntadas para mellorar o seu estado. O goberno local tamén contempla intervir no antigo colexio a través deste mesmo obradoiro, coa intención de actuar no ves-

tíbulo mediante tarefas de pintado e mellora do chan. Así mesmo, prevé acondicionar e pintar a zona de acceso ao edificio. Entre as intervencións programadas figura igualmente a reparación de varias fontes situadas no termo municipal de Samos.

Iniciarán as obras para habilitar un novo local social polivalente

O Goberno local samanense anunciou que en breve comezarán as obras de mellora e acondicionamento dun local situado xusto debaixo das vivendas comunitarias co obxectivo de convertelo nun espazo polivalente de carácter social. A actuación permitirá adaptar o inmoble para que poida ser empregado para diferentes actividades ao servizo da veciñanza. O novo local social estará destinado á impartición de clases para os veciños e veciñas, á realización de actividades organizadas polos usuarios das vivendas comunitarias e á celebración de charlas e encontros de carácter formativo e participativo.



Con esta intervención, o goberno local busca ampliar os servizos municipais e ofrecer un lugar versátil que contribúa á dinamización social do muni-

cipio. Ademais, o proxecto contempla a mellora do acceso ao recinto, facilitando a entrada e o uso do espazo das usuarias, teñan ou non dificultades.



Peluquería

Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela

617 403 579

PINTOR



PINTURAS HOGAR

LATAS

tel.: 659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936
HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES
C/ Benigno Quiroga,
93-95, bj - 982 533 497
SARRIA (Lugo)

Novo enfrontamento entre Goberno e PP

O PP de Samos solicitou ao goberno municipal a reparación dunha tubaxe "rota desde agosto" no centro de maiores municipal. Desde o Goberno local indicaron que foi un incidente "puntual" e que quedou resolto na mesma semana. Ademais, instaron ao grupo popular a reclamarlle á Xunta, que "destina 0 euros ás vivendas comunitarias".

“Estamos ilusionadas por poñer en valor o Val de Lóuzara”

Nace a Asociación Cultural Lóuzara Xabreira de Samos da man de Maruja como presidenta e Luije Carretero como vicepresidente

Jessica Fernández

O Val de Lóuzara é un dos puntos paisaxísticos máis interesantes da comarca de Sarria e por fin conta cunha asociación que ten o obxectivo de impulsalo, darlle valor e poñelo no mapa. Luisje Carretero, samanense de adopción, explica que a asociación xorde “da necesidade de unir persoas do Val que teñen as mesmas intencións e inquedanzas por promocionar esta zona de Lóuzara e as súas posibilidades”. Destaca que son persoas “ilusionadas por poñer en valor o val e mostrar que nos sentimos orgullosas del”. Así, decidiu poñer en marcha unha asociación de ámbito nacional, Amanecer, á

ridade será apoiar e reforzar os eventos que xa se celebran, moitos deles con cada vez menor participación, co fin de contribuír á súa continuidade e revitalización.

PRINCIPAIS PROPOSTAS. Entre as liñas de acción que se valoran a medio prazo, e sempre desde a calma e a escoita activa das persoas implicadas, destaca a creación dun grupo de voluntariado orientado ao acompañamento das persoas maiores do Val. Esta iniciativa nace coa intención de ofrecer apoio e compañía, favorecendo a creación de vínculos e espazos de encontro. Está prevista tamén a posibilidade de facilitar

pode converterse nunha proposta profundamente humana e enriquecedora para toda a comunidade. Por iso, tamén propoñen recuperar a Festa das Persoas Maiores. Outra das propostas é a recuperación da tradicional Festa das Castañas de Paredes, sempre contando co visto bo das persoas que a impulsaron no seu momento. O obxectivo é manter viva esta celebración respectando a súa historia, o seu significado e o seu carácter ancestral, ao tempo que se rende homenaxe ao papel fundamental que a castaña tivo na economía e na cultura do Val. No ámbito ambiental e patrimonial, a asociación tamén estuda



dería contar coa colaboración da asociación Amanecer. Os fondos recadados destinaríanse á limpeza, restauración e coidado dos soutos, promovendo sempre un modelo baseado na cooperación, no beneficio colectivo e na posta en valor do patrimonio natural, afastado de calquera finalidade de lucro individual.

OS SOCIOS. Para facerse socio ou socia da Asociación Cultural Lóuzara Xabreira será necesario agardar a que a entidade dispoña do seu CIF e dunha conta bancaria operativa, momento no que se abrirá o proceso formal de inscrición. A partir de entón, todas aquelas persoas interesadas poderán incorporarse ao proxecto e contribuír ao seu desenvolvemento. A asociación subliña que calquera achega, xa sexa en forma de información, colaboración puntual ou implicación directa nas actividades, será moi benvida. A cota anual establécese en 20 euros para o ano 2026. As persoas socias terán dereito a propoñer actividades, suxestións ou melloras nos procedementos internos, así como a participar nas decisións que se sometan a consenso. Tamén poderán organizar e liderar actividades, sempre que estas sexan presentadas e aprobadas pola Xunta Directiva. A intención é ser unha asociación participativa e transparente: se unha persoa socia formula unha proposta, a Xunta valóraa, decide sobre a súa aprobación, e a persoa promotora asume a organización

e coordinación da actividade e o resto colabora de maneira voluntaria. O propósito fundamental é sumar esforzos, fortalecer a unión veciñal e traballar de forma conxunta polo ben común. En canto ao espazo de encontro, acordouse priorizar a obtención dun local en réxime de cesión, descartando a súa adquisición en propiedade ou alugueiro. A finalidade é contar cun lugar estable onde celebrar reunións, organizar

A intención é ser unha asociación participativa e transparente, na que unha persoa formula unha proposta e, de ser aprobada, a persoa promotora organiza a actividade, mentres que os demais axudan



vez que daba de alta a Asociación Cultural Lóuzara Xabreira para poder “traballar para a realización de fins concretos no Val e nas terras de Samos”

Tras unha busca exhaustiva de persoas do val que quixeran formar parte da asociación Luisje destaca a Maruja, que “me preguntou se podía axudar en algo; polo que decidimos que ela asumira a Presidencia da asociación”. Luisje destaca que Maruja “é unha persoa increíble e moi activa. Sempre está na horta, cos animais, é servicial e simpática”. Así, nace esta asociación, na que queren promover actividades bonitas no Val de Lóuzara e cos seus veciños. Así, a Asociación Cultural Lóuzara Xabreira está a traballar na definición dunha serie de propostas que teñen como obxectivo dinamizar a vida social e cultural do Val, partindo sempre do respecto polas iniciativas xa existentes. A prio-

transporte a aquelas persoas que teñan dificultades para desprazarse, así como a organización de reunións periódicas con actividades adaptadas ás súas necesidades.

A asociación considera que as persoas maiores representan unha fonte inmensa de experiencia e sabedoría, e que este proxecto

poñer en marcha o programa “Toma Castaña”, centrado na recuperación de soutos cedidos por propietarios e propietarias. A iniciativa contemplaría a posibilidade de apadriñar castiñeiros mediante unha achega anual, ofrecendo a cambio castañas e visitas guiadas ao Val. Este proxecto po-

MESÓN ATENEO
PARRILLA - COCIDOS POR ENCARGA - MENÚ DEL DÍA

RESTAURANTE

Ctra. General - Oural (Sarria)
Tel.: 982 546 767
982 546 768

STIHL

MÁXIMA CARGA ESTA PRIMAVERA
PARA LOS MÁS EXIGENTES

GRATIS BATERÍA ADICIONAL
EN MODELOS SELECTOS

489€

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33, Sarria.
Telf. 982 532 202

o páramo

O Páramo inicia a expropiación dos terreos do campo da feira



O Concello do Páramo deu luz verde de maneira inicial á relación de bens e dereitos afectados por un procedemento de expropiación forzosa co propósito de acadar a titularidade pública da totalidade dos terreos do campo da feira. A medida céntrase unicamente nas parcelas que o Plan Básico identifica como tales, condición da que se desprende a súa utilidade pública. A superficie obxecto do expediente ascende a 14.130 metros cadrados, distribuídos entre seis parcelas pertencentes a cinco propietarios diferentes. Este espazo, situado na contorna da capitalidade municipal, figura no Plan Básico Autonómico como espazo libre, zona verde e de equipamento. Segundo se recolle, atópase “materialmente afecto ao uso público, se ben o Concello non é titular da totalidade da súa superficie”. Así, o campo da feira está afecto ao uso público, mais a súa propiedade non corresponde na súa totalidade ao Concello, motivo polo cal o goberno local considera imprescindible poñer en marcha o correspondente expediente de expropiación das parcelas que, malia estar cualificadas como zona verde, non pertencen á administración municipal. A utilidade pública desta expropiación deriva directamente da súa calificación no Plan Básico

Autonómico como espazo libre e zona verde, consolidando así a súa función social e garantindo o acceso da veciñanza a este espazo. Co fin de executar as determinacións recollidas no planeamento urbanístico e obter os terreos afectados ao uso público, iniciouse o procedemento que, unha vez validada a relación de bens e dereitos, abriu un período de información pública de 15 días co obxecto de corrixir posibles erros ou formular oposición ao proceso. Unha vez rematado este período, o pleno da corporación terá un prazo máximo de 20 días para resolver, describindo na resolución a necesidade de ocupación, os bens e dereitos aos que afecta a expropiación e designando aos interesados cos que será preciso entenderse nos sucesivos trámites. Esta medida consolida a intención do Concello de facer efectivas as previsións do planeamento urbanístico e garantir que o campo da feira cumpira plenamente a súa función como espazo libre e de uso público reflicte o compromiso da administración local coa preservación de zonas verdes e co acceso da cidadanía a espazos de convivencia e lecer, ademais de facilitar unha planificación urbana ordenada e coherente coas determinacións do Plan Básico Autonómico.

triacastela

A Cova Eirós de Triacastela, clave na tese doutoral de Hugo Bal

Hugo Bal, graduado en Historia e cun mestrado en Arqueoloxía, vén de defender a súa tese de doutoramento tras seis anos de traballo ininterrompido, iniciado en 2020, un proxecto do que asegura sentirse “moi orgulloso”. A súa investigación, “Estudio zooarqueológico de la ocupación del noroeste de la Península Ibérica durante el último período glacial” céntrase na análise da fauna nos xacementos galegos con rexistro do Pleistoceno Superior, concretamente na Cova Eirós, na Cova da Valiña e en Valdavara. O investigador explica que o estudo partiu dunha problemática existente en Galicia, xa que a ocupación das serras orientais non podía analizarse con rigor a partir dos rexistros faunísticos dispoñibles, porque non foran estudados ou porque precisaban a aplicación de metodoloxías actualizadas. Por iso seleccionaron os tres xacementos con evidencias arqueolóxicas contrastadas e aplicaron neles un mesmo enfoque metodolóxico, empregando idénticas técnicas de análise para poder establecer comparacións, identificar secuencias e comprender a evolución ao longo dun período que abrangue arredor de 40.000 anos. No caso da Cova Eirós, consérvase unha das secuencias máis amplas, con evidencias que se remontan a case 50.000 anos, mentres que en Valdavara 1 as máis recentes sitúanse hai uns 17 ou 18 mil anos. O traballo incluíu a análise de máis de 14.000 restos faunísticos dos tres enclaves, o que permitiu identificar máis de 23 especies distintas a partir dun mínimo de 404 animais.



Bal subliña que a relevancia do estudo reside en situar a investigación do Paleolítico galego, especialmente no ámbito da fauna, nun contexto máis amplo, superando a visión tradicional que limitaba o ámbito cantábrico ao Nalón, en Asturias. Ao seu xuízo, as serras orientais galegas presentan ocupacións de grande importancia. Destaca a Cova Eirós, que abrangue desde o Paleolítico Medio ata o Superior, o que permitiu reconstruír tanto a evolución ambiental e climática da contorna durante máis de 30.000 ou 40.000 anos como as estratexias de subsistencia dos seus habitantes, tanto neandertais como Homo sapiens. De cara ao futuro, considera que a investigación abre novas vías, xa que existen niveis aínda sen analizar e xacementos pendentes de revisión. No caso de Valdavara, estudouse o nivel 1, polo que quedan máis cavidades por examinar. Ao mesmo tempo, entende que o seu traballo constitúe unha base sólida para futuras investigacións sobre o

Paleolítico en Galicia, especialmente no relativo á subsistencia das comunidades cazadoras-recolectoras. Entre os logros dos que se sente máis satisfeito destaca a reconstrución paleoecolóxica realizada, na que se aplicaron metodoloxías innovadoras e pouco empregadas ata o de agora, permitindo reconstruír as condicións climáticas e ambientais da rexión ao longo dun amplo período temporal. Ademais, identificouse a presenza de cazadores-recolectores en niveis nos que non se tiña constancia previa, ampliando así o abano cronolóxico da ocupación humana na zona. O estudo tamén confirmou a presenza de porco espiño nas serras orientais, unha hipótese xa formulada por un dos seus directores e que presenta importantes implicacións biocronolóxicas. Finalmente, documentouse a explotación por parte dos grupos humanos de especies pouco habituais nos rexistros de caza ou carroñeo, como o leopardo, o oso ou o oso das cavernas.

A Furgoteca celebrou o seu terceiro aniversario cunha festa en Triacastela

Triacastela acolleu a celebración do terceiro aniversario da Furgoteca, o servizo de bibliotecas móbiles de Galicia, nunha xornada festiva que se desenvolveu no CEIP Eduardo Cella Vila. A iniciativa reuniu á comunidade arredor da lectura e da cultura nun ambiente pensado para compartir e poñer en valor este recurso itinerante. A actividade estivo aberta a toda a cidadanía e contou coa participación de Cé Orquestra Pantasma, que foi a encargada de achegar ritmo e animación musical a unha celebración concebida



como unha festa colectiva. A proposta converteu a mañá nun encontro lúdico e cultural dirixido a persoas de todas as idades, coïn-

cidindo coa conmemoración dun servizo que facilita o acceso aos libros e aos fondos bibliográficos en diferentes puntos de Galicia.

LOMA SARRIA s.l.

NÁN

www.lomasarria.com

Rúa do Peregrino 37, Bajo - Sarria (Lugo)

615 40 23 93 - 653 990 040

info@lomasarria.com

Proyectos que transforman Sarria

COLABORACIÓNS

Kung Fu: habilidade transferida

A MESTRÍA DO MOVEMENTO UNIVERSAL



José Manuel Nunes

Todos lembramos, como non, os antigos filmes de Karate Kid, onde o entrañable señor Miyagi compartía os seus coñecementos con Daniel san dun modo peculiar. Pintar de arriba a baixo e de abaixo arriba as táboas dun valado ou dar cera e puír cera á carrocería dos automóviles clásicos do entrañable mestre xaponés, convertíase nun proceso de transferencia positiva de habilidades, de tarefa cotiá a técnica de Karate. E se ben puidera parecer un simple recurso épico e artístico no construto do filme, o certo é que toma como base un referente real e existente. Isto é o que en Okinawa coñecían como Seikatsu geiko ou “Adestramento da vida cotiá”, igualmente presente nas artes marciais do sur da China, onde o concepto Kung Fu (“esmero constante”) é, no sentido tradicional, como a mestría do movemento universal. Tomamos consciencia da estrutura — distribución do peso, posición corporal e secuencia de movemento— en accións cotiás para reforzar a memoria muscular da acción perfecta que transferimos á praxe marcial.

Espertar a destreza atávica nos pequenos aprendices de Kung Fu

Todo isto das habilidades cotiás transferibles á praxe marcial, camiño en ambas as direccións, vai aínda máis alá dese compoñente da acción funcional, no sentido de que tamén nos permite materializar a práctica. No proceso de maduración cognitiva, vemos como nos nenos dos sete aos once anos a súa lóxica depende da realidade tanxible e explícita e só a partir dos 12 comeza a desenvolver a capacidade de

abstracción. Por iso un estudo e práctica marcial instrumental, no sentido en que o señor Miyagi ensinaba a Daniel san, é ideal na fase de pensamento concreto. Resulta moito máis produtivo un modelo no que, por exemplo, as Taolu —o que coñecemos en coreano como Poomsae e en xaponés como Kata—sexan ensinadas a través da súa decodificación directa, das súas aplicacións, máis ca dun xeito abstracto no que o infante imita por dogma uns movementos que é capaz de reproducir pero non de entender. O mesmo acontece e, quizais de forma aínda máis útil, cando empregamos toda esta metodoloxía tradicional de transferencia positiva no construto da memoria muscular e estrutural. Aprender, por exemplo, a coordinación de translación de cadeira e de rotación de cintura, xunto co movemento cas mans, co agarre, de tracción en espiral que realizamos cun cilindro de madeira, non só achega ese compoñente de transferencia, senón que é un destes traballos nos que o propio instrumental actúa ortopedicamente ao non deixar marxe para a colocación ou postura incorrecta. Apagar velas a distancia, “soprando cos puños ou cas palmas das mans”, cultiva o Fa jin, isto é, a proxección de enerxía a través da cadea de transmisión cinética desde o pé, en forma helicoidal, pasando pola cadeira, ombreiro e cóbado, até o puño ou palma. Tamén cultiva o enfoque mental, a coordinación coa respiración, a precisión e o control da distancia de impacto.

Camiñar sobre unha distribución aleatoria de pequenos cilindros de cemento ou sobre macetas de barro colocadas en posición inversa é un excelente traballo de equilibrio e, cos ollos vendados, de especial énfase na propiocepción e cinestesia. Soportar o Ma bu “paso ou posición de cabalo”, mantendo obxectos sobre os antebrazos estendidos adiante, constrúe a raíz dun ex-



celente practicante de Kung Fu, ao asentir posicións sólidas e estables, ao incrementar a tolerancia á dor e á fatiga física, a construír unha mente forte, paciente e constante.

Existe un compoñente puxilístico natural que, pola evolución “sintética” do ser humano, fomos atrofiando. E neste sentido a metodoloxía tradicional invoca unha interpretación natural, lóxica e pragmática, constituíndo así tamén un medio atávico capaz de desbloquear o que está atrofiado e extraer os altos niveis de destreza e mestría que xacen en potencia dentro de cada un de nós.



SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

redaccion@sarriaxa.com

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021

Teléfono: 661 464 323

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

O XXXIII Torneo de Fútbol Sala de Samos será do 2 ao 5 de abril



O evento está organizado polo Samos Fútbol Sala e conta coa colaboración do Concello de Samos e da Deputación de Lugo.

Dende a entidade destacan que a presenza de xogadores e xogadoras nas seleccións reforza o modelo formativo do club e anima ás novas xeracións a seguir medrando baixo os valores de esforzo, compañeirismo e superación que promove a SD Sarriana. O club considera que este tipo de chamadas ás seleccións constitúen un paso importante na traxectoria deportiva dos rapaces e rapazas, ao permitirles competir e adestrar con futbolistas doutros equipos e elevar o seu nivel competitivo. Ao mesmo tempo, a entidade reafirma a súa aposta por unha formación integral que combine crecemento deportivo e desenvolvemento persoal.



Tamén é un “orgullo” poder levar o nome de Sarria ata Corea do Sur, xa que “hai 60 clasificados en todo o mundo e 3 son de Sarria, da AC Taekwondo”, destaca. Así, salientou o traballo por todos os deportistas e cualificaron de “éxito rotundo” a clasificación en tres deportistas e catro categorías, un resultado que permitirá que Sarria volva estar representada coa selección española no próximo campionato do mundo.

O CB Sarria aposta pola súa canteira, nunha tempada na que rozan os 300 xogadores

Jessica Fernández

Con case 40 anos de traxectoria, xa que se pon en marcha no ano 1987, o Club Baloncesto Sarria segue medrando en número de xogadores e xogadoras, que se unen a un equipo que se define como "unha familia deportiva". María Jesús Arias, presidenta da entidade desde o ano 2022, defende que o máis lles fai sentir orgullosos é a "a nosa canteira, a que temos, a que tivemos e a que teremos", sentenza. Así, contan con 278 xogadores e xogadoras nesta tempada 2025-2026 divididos en 15 equipos nun total de sete categorías: premini, alevín, preinfantil, infantil, cadete, júnior e sénior, todos en feminino e masculino, agás o preinfantil que só é masculino.

A gran tradición deportiva e de

normas de conducta establecidas, tanto nos adestramentos, nos vestiarios, no autobús e nos partidos", afirma.

PERSOAS QUE FORMAN O CLUB. Todos estes beneficios, a través da práctica deportiva, non serían posibles sen o traballo diario, constante e decidido da dirección deportiva do club, formada polo director deportivo, Miguel Ángel Hoyo; o coordinador xeral, Adrián López e o coordinador de canastra pequena, Carlos Maceiras.; e polo corpo técnico, os adestradores e adestradoras. Así, o no equipo premini feminino Transportes Darriba están Claudia Rodríguez e Florián Vázquez; mentres que no masculino de Cementos Cosmos dirixe Unax López.

En Liga Galega, na categoría

de Maderas Grandas teñen a Adrián López. O cadete feminino de Caldas Panadería e o júnior feminino de Saneamientos Sarria están dirixidos por Miguel López; e no júnior masculino de Oral Desing adestra Unax López.

Xa na categoría sénior, no feminino de Pili Madeira dirixe Miguel López e no masculino de Corbar faino Pepe Domínguez.

E, finalmente, na Liga Escolar, "que é unha parte fundamental, xa que son a semente para os equipos federados, onde os mais cativos descubren o mundo da canastra", tal e como explica Chus, adestra Noa Santamarina, Celia Soto, Florián Vázquez e Xabelo López no colexio Frei Luis; mentres que Angela Rodríguez e Aroa Campos adestran n colexio da Asunción. Florián adestra na



SINERXIAS E FUTURO. Con respecto á situación actual, desde o club deportivo sosteñen que, ademais de formar a súa propia canteira, "é importante colaborar con outros equipos, como o club Carballeira do Páramo, que están facendo un labor fantástico nun equipo capitaneado por

que temos; os adestramentos comezan ás 16.00 horas e rematan as 23.15 horas, de luns a venres", explica.

Pero estes horarios non son os únicos nos que hai baloncesto, desde o CB Sarria promoven iniciativas como o Campus de Baloncesto no Camiño e o Campus



amor polo baloncesto en Sarria, sumado ao bo facer desenvolvido por todas as persoas que traballan no CB Sarria, consolidada un aumento do interese polos rapaces e rapazas sarriaos e de concellos da comarca a integrarse nun proxecto no que os valores que se transmiten están claros: "a familiaridade e o compromiso", tal e como defende Chus.

Ademais, engade que a práctica deportiva do baloncesto fomenta outros valores como o respecto, o esforzo, a disciplina, a diversión e levar a cabo as

mini feminino, o equipo de Castro Agrasar está dirixido por Adrián López, e o masculino de Oso Blanco ten como adestradores a Miguel Ángel Hoyo e Lúa Río. No mini zonal feminino de Autovalfer, adestra Florián Vázquez; e no masculino de Parrillada Camping Vila de Sarria o preparador é Jose Illán.

Na canastra grande, no Preinfantil de Liga Gallega de Iván Folgueiras Pódologo e no Infantil masculino de Clínica Dental José Franco están á fronte Miguel Ángel Hoyo e Lúa Río. Mentres, no infantil feminino

Merced e Adrián López e Lúa Río adestran no CEIP Plurilingüe San Miguel de Paradela. Ademais, todos os colexios están coordinados por Adrián López.

Por outro lado, a presidenta do club destaca a Noa López Tallón como xogadora, a Jaime Capelá Bouza como fisioterapeuta do actual campión da Euroliga, o Fenerbahce; e a Daniel Illán como director técnico do Comité Galego de Árbitros, xa que "os tres saíron da nosa canteira do CB Sarria, da que, reitero, nos sentimos moi orgullosos", destaca.

David".

Por iso, tendo en conta a cantidade de rapaces e rapazas que adestran no Chanto polo CB Sarria e moitas veces ten que acoller outros equipos e encontros, cren que a construción dun novo pavillón en Sarria, así como calquera infraestrutura deportiva "é fundamental para promover e facilitar a práctica do deporte, e Sarria está en pleno crecemento". Porén, recoñecen que están "satisfeitos co que contan na actualidade, xa que "abarcamos unha ampla franxa horaria debido ao número de equipos

de Nadal, que "é esencial" para ofrecer actividades deportivas nas vacacións co obxectivo de "fomentar a convivencia, a autonomía, a disciplina e a superación; así como a mellora técnica e táctica, permitindo aos rapaces dar un salto de calidade no xogo individual", defende Chus. Para concluír, a presidenta do CB Sarria defende que non pensan demasiado no futuro, senón que están "centrados nesta tempada e coa vista posta xa no segundo 3x3 URBANO na Praza da Vila, que este ano celebraremos no mes de xuño", avanza.

DE RUTA EN RUTA

Ruta do Río Requeixo de Guitiriz

Trátase dun sendeiro lineal de dificultade baixa que suma 10 quilómetros de ida, onde se coida a vexetación e a fauna da zona

A ruta do río Requeixo, sinalizada como PR-G-262 no concello de Guitiriz, constitúe unha das propostas máis atractivas para quen desexe adentrarse nunha paisaxe fluvial ben conservada e de fácil percorrido. Trátase dun sendeiro lineal de dificultade baixa que suma 10 quilómetros de ida, nun escenario onde a intervención humana soubo respectar e coidar a vexetación e a fauna propias da zona, acadando un equilibrio evidente entre aproveitamento e conservación. O Requeixo, coñecido tamén nalgúns treitos como río Roca, alterna áreas de rápidos e pequenos saltos de auga con zonas máis remansadas, abríndose paso entre formacións rochosas e discorrendo en

ocasións por pasos máis encaixados. Nalgúns puntos, o itinerario sepárase lixeiramente do leito para esquivar superficies esvaradías; alí instaláronse postes con cordas que facilitan o paso e conducen ata unha fermosa ferverza coroadada por unha pequena pontella que engade encanto ao conxunto. O punto de partida sitúase en Ponte da Roca, a uns 6 quilómetros do núcleo de Guitiriz pola estrada N-VI. Á altura da antiga Casa dos Peóns Camiñeiros cómpre coller un desvío á esquerda e avanzar uns metros ata atopar os paneis informativos que anuncian o comezo do sendeiro. Non existe un estacionamento acondicionado como tal, mais é habitual que os visitantes deixen os seus vehículos nas inmediacións do acceso.



Os primeiros pasos atravesan unha braña que serve de antesala ao encontro co río. Unha vez nas súas marxes, abundará con seguir as marcas brancas e amarelas que identifican o itinerario homologado. O camiño vai cruzando sucesivas pontes tradicionais de pedra, testemuñas dunha arquitectura popular ligada á vida rural, ata alcanzar a ponte Porto de Bois, punto final da ida. Entre os elementos máis salientables do percorrido figuran antigos muíños restaurados, frondosos bosques de ribeira e, de maneira especial, a coñecida ferverza de Merra, un dos recantos máis fotografados. Mesmo quen non desexe completar os 10 quilómetros pode achegarse a este enclave, xa que se localiza a apenas 150 metros da estrada e resulta doado atopalo coa axuda

dun dispositivo de navegación. A diversidade paisaxística é unha das grandes virtudes da ruta. Hai tramos nos que o sendeiro serpentea entre penedos, mentres noutros aparecen escaleiras de madeira e cordas que permiten salvar desniveis ou zonas máis técnicas. As brañas pechadas con cancelas de madeira, pensadas para impedir a saída do gando, forman tamén parte da experiencia e lembran ao visitante a necesidade de deixalas pechadas tras o seu paso. Unha vez en Porto de Bois, o regreso debe facerse polo mesmo itinerario, o que eleva a distancia total ata os 20 quilómetros. A pesar da lonxitude, a práctica ausencia de pendentes pronunciadas converte a ruta nun paseo asumible para a maioría das persoas con hábito de camiñar.



Pili Madeira
FLORISTAS

bicarelo

📍 Rúa da Liberdade, 137
27600 Sarria (Lugo)

☎ 982 530 015 / 633 226 988
✉ floristeria@servimadeira.es
🌐 www.floristeriamadeira.es

MADEIRA
SERVICIOS FUNERARIOS

**Funerarias
Tanatorios
Seguros**

75
AÑOS
MADEIRA SERVICIOS
Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15
funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es